

IDENTIFICACIÓN E EXHUMACIÓN DUNHA FOSA COMÚN CON VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA NO CEMITERIO DE SAN SALVADOR DE TRASANQUELOS, OZA-CESURAS (A CORUÑA)

Informe-Memoria



Data: Xaneiro 2023

Promotor: Universidade de Santiago de Compostela

Arqueólogo director: Francisco Alonso Toucido

Arqueólogos redactores do informe: Tania Rial Figueiras, Mario César Vila
Francisco Alonso Toucido.

Expediente S. Arqueoloxía: 02.C.934.2023.001

Código SXPA: CT 102A 2023/798-0

Expediente Tempos: T-23-251



MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES
Y MEMORIA DEMOCRÁTICA

SECRETARÍA DE ESTADO
DE MEMORIA DEMOCRÁTICA





▷ TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. ▷ CIF B70608948
✉ info@tempos.es 🌐 www.tempos.es 📞 TemposArqueologos
☎ 677 164 635 ☎ 650 337 454



IBERIAN INSURANCE GROUP



Empresa inscrita no Rexistro Mercantil con número de protocolo 2020/58, asiento 79, Diario 112, inscripción primeira de folia SC50498, folio 62, tomo 373, Sección Xeral de Sociedades

D-U-N-S ® 469525121

Lourenzo Fernández Prieto

Coodinador do proxecto

José Carlos Sánchez Pardo

Coordinador do proxecto arqueolóxico

Fernando Serrulla Rech

Coordinador das tarefas antropolóxicas

Francisco Alonso Toucido

Arqueólogo director da actuación

ÍNDICE

1. Ficha técnica	5
2. Abreviaturas e signos.....	7
3. Introducción.....	8
4. Normativa aplicable	9
5. Localización do ámbito de traballo.....	22
6. Contexto da investigación	24
7. Estudo histórico.....	29
7.2. Antecedentes	29
7.3. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización.....	31
7.4. Fichas individuais das vítimas	47
7.5. Documentación do espazo a intervir: historia do cementerio.....	52
7.6. Recoñecemento e estudo do espazo: proposta de localización da fosa.....	62
7.7. Bibliografía	70
7.8. Fontes	72
8. Obxectivos da intervención	75
9. Metodoloxía	81
9.2. Fichas de rexistro	83
9.2.1. Fichas de rexistro de unidades estratigráficas.....	83
9.2.2. Fichas de rexistro de mostras	85
9.3. Emisión de informes	87
9.4. Materiais arqueolóxicos	87
9.5. Plan de protección e conservación.....	88
10. Resultados dos traballos.....	89
10.1. SECTOR 100	89
10.2. SECTOR 200	99
11. Conclusións.....	113
12. Relación nominal do equipo que participa na intervención	117
13. Instalacións, equipos e medios materiais	120
13.1. Local de traballo.....	120
13.2. Medios auxiliares para o traslado, maquinaria e vehículos	120
13.3. Equipos de medición e precisión.....	121

13.4. Equipos e materiais de escavación, restauración e conservación	121
13.5. Equipos de protección individual e colectiva	122
13.6. Equipos informáticos.....	123
13.7. Equipos fotográficos	124
14. Bibliografía	125
15. Planimetría.	126
16. Seguro de responsabilidade civil.....	127
17. Seguridade e saúde	129
18. Calidade	136

Anexos:

- Anexo I. Informe histórico
- Anexo II. Memoria prospección xeofísica
- Anexo III. Planimetría
- Anexo IV. Fichas unidade estratigráficas
- Anexo V. Índice de fotografías
- Anexo VI. Índice de unidade estratigráfica
- Anexo VII. Archivos six
- Anexo VIII. Fotogrametría

1. Ficha técnica

Título do proxecto:

Identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos, Oza-Cesuras (A Coruña)

Clasificación da actividade:

Actuación ligada a un programa de investigación

Parroquia:

Sal Salvador de Trasanquelos

Municipio:

Oza-Cesuras

Comarca:

Betanzos

Provincia:

A Coruña

Supervisión:

Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e
Universidades

Promotor:

Universidade de Santiago de
Compostela

Arqueólogo director:

Francisco Alonso Toucido

Empresa arqueolóxica:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
Telf. 650 33 74 54 – 677 16 46 35
Info@tempos.es www.tempos.es

Expediente S. Arqueoloxía: 02.C.934.2023.001

Código SXPA: CT 102A 2023/798-0

2. Abreviaturas e signos

a.C. Antes de Cristo

AD Anno Domini

BIC Ben de Interese Cultural

BP Before Present

Cal Calibrado

d.C. Despois de Cristo

DOG Diario Oficial de Galicia

DXPC Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

GAC Gaceta de Madrid

GPS *Global Positioning System*

LIDAR Light Detection and Ranging ou Laser Imagin Detection and Ranging

LPHE Ley 16/1985, de 25 de junio, de Patrimonio Histórico Español

M Metros

m.s.n.m. Metros Sobre el Nivel del Mar

N Norte

W Oeste

PBA Plan Básico Autonómico

PE Plan Especial

PEPRI Plan Especial de Protección y Reforma Interior

PXOM Plan Xeral de Ordenación Municipal

S Sur

UE Unidade Estratigráfica

UEM Unidade Estratigráfica Muraria

+ - Mais menos

3. Introducción

O presente informe, describe os resultados dos traballos realizados entre o 20 e o 27 de novembro de 2023, no marco do proxecto de "Identificación e exhumación dunha fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos, Oza-Cesuras (A Coruña)", no marco da investigación que se está levando a cabo ao abeiro do ao abeiro do Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para a realización de actuacións dentro do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática en Galicia 2023-24¹.

¹ Dende o equipo de Tempos Arqueólogos queremos dar as grazas ao sacristán da parroquia de Trasanquelos, Pepe, pola súa axuda.

4. Normativa aplicable

No ámbito da normativa internacional, e sen menoscabo dos tratados relativos á actividade arqueolóxica, cómpre sinalar, a tenor da especificidade da que aquí se proxecta, que o Estado español ratificou no ano 2009² a Convención Internacional para a Protección de todas as Persoas contra as Desaparicións Forzadas de 2006. Segundo o artigo 2 da Convención, enténdese por desaparición forzada "o arresto, a detención, o secuestro ou calquera outra forma de privación de liberdade que sexan obra de axentes do Estado ou por persoas ou grupos de persoas que actúan coa autorización, o apoio ou a aquiescencia do Estado, seguida da negativa de recoñecer dita privación de liberdade ou do ocultación da sorte ou o paradiro da persoa desaparecida, subtraéndoa á protección da lei".

A Convención non só establece a obrigaón dos Estados de tipificar este tipo de delitos e castígalos conforme á súa gravidade, senón que sinala tamén o deber das administracións públicas de buscar, de oficio, ás persoas sometidas a desaparición forzada, así como a esclarecer a sorte das mesmas. Do mesmo modo, recoñece o dereito dos familiares e achegados a coñecer a verdade sobre o acontecido cos seus seres queridos. En consecuencia, o cumprimento das obrigaón – de investigación das denuncias e a localización dos corpos – deben ser tarefas asumidas pola autoridade e realizadas cos recursos necesarios e apropiados para ilo (art. 24).

² Mediante Instrumento de Ratificación do 14 de xullo de 2009 (BOE núm. 42 do 18 de febreiro de 2011).

En relación á normativa estatal e autonómica, ademais do disposto no Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, así como no Regulamento dos Cemiterios Municipais de Vilagarcía de Arousa, tense en conta para a redacción e execución do presente proxecto o disposto na lexislación vixente en materia de patrimonio cultural de Galicia.

Aínda que non é obxecto do proxecto abordar, nin moito menos resolver, a pertinencia da inclusión da fosa común na que se pretende intervir como un ben do patrimonio cultural de Galicia, cómpre mencionar que unha das eivas da vixente Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia é que elementos como este non teñen un doado encaixe.

A Lei 3/1999, de 10 de marzo, do Patrimonio Cultural Aragonés, é a única norma das súas características do ordenamento xurídico español que recolle as fosas como un tipo de elementos culturais que, en tanto que pertencentes á categoría de “lugar da memoria democrática de Aragón” poden ser obxecto de declaración como Bens de Interese Cultural por figurar entre os bens máis relevantes do patrimonio cultural aragonés (art. 12).

Isto non ocorre, como se sinalaba, coa Lei 5/2016, na cal elementos como as fosas comúns ou outros espazos relacionados coa memoria democrática deben buscar acubillo nas categorías que a norma galega establece no seu artigo 10, categorías que a priori non se axustan as características deste tipo de espazos, coa inseguridade xurídica que diso se deriva.

De entre as categorías recollidas nese artigo 10, na que mellor acomodo – ou menos malo - é na categoría de xacemento arqueolóxico ou na de sitio histórico. Cómpre traer a colación o sinalado no Decreto 299/2008, de 30 de decembro, polo que se

declaran ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás, situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña. Neste Decreto arguméntase que a categoría referida é “a que se adecúa con máis exactitude aos valores culturais que se transmiten a través da rica estrutura espacial do conxunto de elementos que conforman as Torres de Meirás, que conteñen en si mesmos a memoria de momentos importantísimos da historia de Galicia e do Estado español”.

Sexa como for, a necesidade da elaboración e presentación deste proxecto vén marcada pola pretensión de realizar unha actividade arqueolóxica, en concreto unha sondaxe arqueolóxica, tipoloxía de intervención recollida no artigo 95.b da Lei 5/2016 e regulada mediante o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia.

Para a elaboración do proxecto e posterior execución dos traballos de campo, no caso de que a actividade arqueolóxica sexa autorizada, tense tamén presente o disposto na Lei 52/2007 á que antes se fixo referencia³, así como o Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da guerra civil e a ditadura, publicado mediante Orde PRE/2568/2011, así como outros protocolos nacionais e internacionais, particularmente os coñecidos como Protocolo de Istambul e Protocolo de Minnesota.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, dispón no seu artigo 1 que o obxecto da norma é “recoñecer e ampliar dereitos a

³ Cómpre sinalar Galicia non desenvolveu regulación propia, ao igual que Madrid, A Ríoxa, Castela - A Mancha e Murcia. Se ben o 18 de decembro de 2008 suscribiuse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dos traballos de exhumación e identificación das vítimas da represión na Guerra Civil, ou máis recentemente, o Convenio, suscrito tamén entre as mesmas partes, no que se enmarca este proxecto.

favor de quen padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenzas relixiosas, durante a Guerra Civil e a Ditadura, promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal e familiar, e adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre os cidadáns, todo ilo co fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeración de españois en torno aos principio, valores e liberdades constitucionais". Ademais, engádese que se pretende "o fomento dos valores e principios democráticos, facilitando o coñecemento dos feitos e circunstancias acaecidos durante a Guerra civil e a Ditadura, e asegurando a preservación dos documentos relacionados con este período histórico e depositados en arquivos públicos".

A lei sinala tamén que as Administracións públicas, no marco das súas competencias, facilitaranlle aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxo paradiro se ignore (art. 11), para o cal polas Administracións públicas competentes de acordo coa normativa sobre patrimonio histórico e o protocolo de actuación autorizarán as tarefas de prospección (art. 13).

Ese protocolo, recollido no artigo 12 da Lei 52/2007 foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 232, de 27 de setembro de 2011) por medio da Orde PRE/2568/2011, de 26 de setembro, logo do Acordo adoptado polo Consello de Ministros a tal efecto na súa reunión do día 23 de setembro do 2011.

O protocolo elaborouse coa finalidade de servir como guía metodolóxica e procedimental, coa finalidade de servir de referencia para quen desexan iniciar un proceso de busca, recuperación e identificación de persoas desaparecidas, naqueles casos nos que non

exista protocolo de actuación aprobado pola correspondente Comunidade Autónoma.

Segundo o recollido no devandito protocolo⁴, considérase que a apertura e exhumación dunha fosa común é unha tarefa interdisciplinar e que require a intervención de historiadores, arqueólogos e especialistas forenses.

A solicitude para a realización de traballos relativos á apertura e exhumación dunha fosa común debe ser presentada, tal e como se sinala no protocolo de actuación, debe ser aprobada pola Comunidade Autónoma correspondente e pola entidade local na que se atopen os restos, e deben ir acompañadas nun proxecto no que, sempre que sexa posible, se acreditarán os seguintes extremos:

- Identificación do organismo, asociación ou particular que promove a actuación e razóns para ilo.
- Estudo documental previo sobre a localización da fosa e dos individuos que poden aparecer.
- Identificación do equipo técnico que procederá á exhumación, con identificacións dos responsables.
- Características esenciais do proxecto de intervención arqueolóxica e, no seu caso, da investigación forense a realizar.
- Calquera outro dato que sexa de interese para a avaliación e viabilidade do proxecto.

Una vez que a Administración autorice as actuacións contidas no proxecto, o procedemento constará das seguintes fases:

- Investigacións preliminares.
- Intervención arqueolóxica.
- Investigación forense dos restos humanos.

⁴ Recollese parte do contido do Protocolo coa finalidade de que sirva tamén como guía metodolóxica durante a execución dos traballos.

- Informe final.
- Destino final dos restos.

En canto á intervención arqueolóxica, o protocolo distingue tres apartados: informes e autorizacións, as actuacións propiamente ditas e o informe final.

En cantos os **informes e autorizacións**, os promotores da exhumación deben realizar as seguintes actuacións:

- a) Elaborar un informe previo sobre a situación e características da fosa.
- b) Elaborar un proxecto de intervención único que englobe, como primeira fase, a de prospección do entorno da fosa, para a súa localización exacta, e unha segunda fase de escavación, a non ser que o proxecto soamente contemple un dos aspectos, por pospoñer a segunda ou por estar a primeira xa realizada.

O contido do proxecto será o seguinte:

- Descrición dos traballos de arqueoloxía e planificación.
- Metodoloxía, no que deberá consignarse no caso da prospección a execución de tarefas de observación e/ou o uso de métodos xeofísicos de teledetección. Tanto na prospección como na escavación, explicarse a metodoloxía empregado no rexistro de datos e documentación, o tratamento e depósito dos materiais. Deberanse empregar as técnicas de prospección máis adecuadas segundos os estándares de investigación admitidos internacionalmente.
- Medios humanos e materiais.

- Tempo de execución da intervención ou data de inicios dos traballos.
 - Custo previsto da intervención.
- c) Solicitar os permisos e autorizacións correspondentes:
- Permiso por escrito dos familiares dos falecidos ou dos seus representantes legais. No caso necesario, tanto a entidade local como a Comunidade Autónoma onde se sitúen os restos deberán realizar publicacións en taboleiros municipais, boletín provinciais ou autonómicos ou diarios de maior difusión.

A oposición por parte de calquera dos familiares ou das entidades que os representan á exhumación deberá ser ponderada pola Comunidade Autónoma, á vista do cal, e tendo en conta os intereses dos familiares en primeiro termo, logo de darlle audiencia a estes interesados, decidirá a realización total, parcial ou a non realización dos traballos.

- Acceso aos terreos: no caso de que se trate de terreos de titularidade pública, as autoridades competentes autorizarán, salvo causa xustificada de interese público, a ocupación temporal dos terreos. Si se trata de terreos de titularidade privada, deberase obter o consentimento dos titulares de dereitos afectados sobre os terreos nos que se atopen os restos. Se non se obtivese o dito consentimento, deberáselle comunicar á Administración competente para o inicio dos trámites para a ocupación temporal dos terreos.

A ocupación temporal dos terreos terá a duración estritamente necesaria para a realización das tarefas de

prospección e escavación e rexeráse polo previsto na normativa aplicable en materia de expropiación forzosa. AS actuacións reiniciaránse cando se resolva o expediente administrativo sobre ocupación dos terreos.

- Deberáse solicitar autorización para realizar as tarefas de prospección, exhumación, e identificación á Administración titular dos terreos. Ademais deberáse cumprir cos requisitos establecidos polas Comunidades Autónomas en canto a escavacións arqueolóxicas (obtención de permisos, rexistro de materiais, prazos, etc.).

Tamén se necesita o correspondente permiso da entidade local onde se atopen os restos, nos casos en que resulten afectadas as competencias de execución que corresponden aos municipios ou outros entes locais (cemiterios e servizos funerarios, execución urbanística, obras ou outros servizos).

- Os achados poñeránse inmediatamente en coñecemento da entidade local correspondente, da Comunidade Autónoma, Policía ou Garda Civil, así como ao Xulgado de Instrución competente. Se se trata de terreos adscritos á Administración Xeral do Estado ou as súas entidades instrumentais, tamén se poñerá no seu coñecemento.

Xa no relativo as **actuacións propiamente ditas**, o protocolo especifica que os pasos a seguir son os seguintes:

•Planificación: dirección, identificación dos membros do equipo, distribución de tarefas, plan de escavación, material necesario. Respecto aos membros do equipo e na medida en que así o requiran as necesidades de exhumación, articularase a participación de todos ou algún dos seguintes técnicos:

- Arqueólogos: dirixirán a actuación dende o punto de vista da arqueoloxía. Sería preferible que tiveran experiencia na escavación de necrópoles.

- Expertos en antropoloxía forense: realizarán a investigación in situ cando sexa necesaria e a vixilancia do traslado dos materiais.

- Expertos en medicina forense: se a exhumación se realiza dentro dun cemiterio.

-

Por outra parte, o material necesario dependerá da localización da fosa así como do número de persoas cuxa localización e exhumación se pretende. Débese dispor do equipo de escavación necesario segundo os estándares da investigación recoñecidos internacionalmente, sendo recomendable o uso de instrumentos pequenos como palustres, brochas, espátulas de madeira e instrumentos odontolóxicos. A utilización de medios mecánicos deberá ser excepcional e xustificada en cada caso.

•Documentación das tarefas realizadas. A título de exemplo, e como referencia, a documentación podería facerse en texto, debuxo, foto e vídeo. Debese fotografar a zona de traballo antes de iniciar as tarefas e despois de que conclúan. Así mesmo, elaborárase un “Diario” das actuacións, especificando os técnicos que interveñen, tempo de dedicación e as incidencias que se produzan.

En tal sentido, débese documentar sobre o terreo calquera dato que axude na identificación dos restos, a recollida de calquera elemento asociado aos individuos (efectos persoais, restos de tecidos, etc) ou aos feitos ocorridos (casquiños e restos de munición, etc).

- Escavación: aos procedementos de escavación asistirán, si así manifestaron o seu desexo, os familiares directos das vítimas.

Son de aplicación ás intervencións arqueolóxicas as previsións do título V, relativas ao patrimonio arqueolóxico, da Lei 16/1985, de 25 de xullo, sobre o Patrimonio Histórico Español, así como as normas aprobadas sobre esa materia polas CCAA.

Estes procedementos axustaranse aos estándares de investigación recoñecidos internacionalmente. A tal fin, estímase de especial importancia actuar tendo en conta as seguintes consideracións:

- Débense ter en conta os fundamentos do procedemento de escavación en canto a referencias métricas, extracción ordenada, cribado de terras, toma de mostras, retirada de terras, observación dos perfís de gabiá, protección do lugar, recolección de evidencias, observación do material in situ, tratamento dos restos, etc.

- É fundamental o establecemento dun perímetro de seguridade, balizado e protexido para evitar o deterioro ou espolio dos restos, ao que só teña acceso o persoal autorizado. En todo caso débese poñer especial coidado e meticulosidade na conservación e non deterioro dos materiais extraídos.

-En caso de localización de restos, comunicaráselle tanto á Comunidade Autónoma, como á entidade local, ao Xulgado de instrución competente, como á policía ou garda civil a entidade e características dos achados.

- Levantamento de restos: realizarase sempre coa participación de expertos en antropoloxía forense, garantindo a cadea de custodia a fin de reflexar todas as incidencias da mostra, dende que se realiza a toma ata que se destrúe ou devolve.

- Custodia dos restos e extracción de mostras: os expertos elixirán mostras que sexan significativas para proceder á identificación dos restos achados e que permitan un mellor análise para os fins deste protocolo.

En canto ao resto dos achados, se non fora factible o seu traslado ao laboratorio que realice as análises, serán ou ben trasladados ao cemiterio do municipio, ou ben a aquel lugar que o Concello especifique, ou ben, manteranse debidamente protexidos e referenciados, no lugar do achado. A opción a elixir será a que apunten os expertos en antropoloxía, de acordo cos medios que ofrezca o Concello ou a Comunidade Autónoma, e sempre tendo en conta a necesidade de identificación e preservación dos restos.

En calquera caso, o traslado e a preservación realizaranse de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, a normativa local que

sexa de aplicación ao caso, ou a estatal, no suposto de que os restos se foran a trasladar a outro país.

- Traslado de mostras: deberanse reflexar e archivar datos na toma de mostras, na conservación, no transporte, na entrada ao laboratorio, durante o análise, e despois da análise. O informe, en todo caso, debe axustarse á Orde JUS/1291/2010, de 13 de maio, pola que se aproban as normas para a preparación e remisión de mostras obxecto de análise polo Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (BOE de 19 maio de 2010), cando sexan remitidas a dito instituto.

No resto dos caos poderán servir ditas normas de referencia para o análise das mostras, ao igual que as Recomendacións para a recollida e o envío de mostras con fins de identificación xenética da Sociedade Internacional de Xenética Forense, publicadas polo Ministerio de Xustiza.

En todo caso, o traslado de restos requirirá autorización da Comunidade Autónoma e Entidade Local competente e farase de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, coa normativa local, ou estatal, no suposto de que os restos se vaian a trasladar a outro país.


Xa por último, no relativo ao **informe que debe dar conta dos traballos realizados**, o protocolo sinala que se especificarán as seguinte cuestións:

- Os compoñentes do equipo, as tarefas asignadas e as tarefas realizadas.
- Descrición e inventario dos restos localizados.

- Situación dos restos exhumados.
- Medidas de protección e conservación dos restos dende o seu descubrimento ata o seu destino previsto, especificando responsables e os detalles de conservación, embalaxe e depósito dos restos.
- Axuntarase levantamento planimétrico e unha ficha para cada individuo, no que se consignarán as incidencias antropolóxicas destacables.
- Axuntaranse os documentos gráficos e fotográficos pertinentes.

5. Localización do ámbito de traballo

A intervención arqueolóxica que se recolle no presente proxecto está situada no concello coruñés de Oza-Cesuras, concretamente no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos. Trátase, na actualidade, dun espazo pequeno con gran densidade de tumbas que sufriu, polo menos, dúas ampliacións importantes nos últimos anos.



Situación da zona de intervención.



Situación da zona de intervención.

As coordenadas UTM (ETRS89) da zona de actuación son as seguintes:

- UTMX: 567313
- UTMY: 4780375

6. Contexto da investigación

Ao remate da Guerra Civil, a Administración franquista dispuxo procedementos para que aquelas persoas que o desexaran puideran exhumar algún parente represaliado polo bando leal á República. Con esa finalidade publícase a Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polo vermello, na cal se establece que “toda persoa que desee exhumar el cadáver de algún de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, pude solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para le traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes”. A solicitude de autorización para a realización da exhumación tiña que ser presentada “por el familiar del finado de más próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios”.

ORDEN de 1 de mayo de 1940 sobre exhumaciones e inhumaciones de cadáveres de asesinados por los rojos.

Ilmo. Sr.: Por Orden 6 de mayo de 1939, se dispuso que todo aquel que deseara exhumar el cadáver de alguno de sus deudos asesinados por la horda marxista, para ser inhumado en el cementerio, podía solicitarlo dentro del plazo de seis meses, sin que tuviera que abonar derechos sanitarios de ninguna clase.

Numerosas instancias fueron presentadas al amparo de dicha disposición, y muchas más siguen presentándose después de transcurrido el plazo marcado, porque con posterioridad al mismo se van localizando los cadáveres a que se refieren.

Atento este Departamento a atender tan justas aspiraciones de los familiares de aquellos que gloriosamente cayeron por Dios y por España víctimas de la barbarie roja,

He tenido a bien disponer:

Primero.—Toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para el traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes.

Segundo.—Si la exhumación y consiguiente inhumación hubieran de hacerse en lugares de distinta provincia, la solicitud habrá de ser elevada a la Dirección General de Sanidad.

También habrá de dirigirse la instancia a la Dirección General de Sanidad cuando la inhumación haya de verificarse en criptas, templos, casas religiosas o en sus locales anejos. Si hubiera de practicarse en alguna iglesia o casa religiosa, habrá de preceder la autorización eclesiástica.

Tercero.—La instancia solicitando la autorización correspondiente será elevada por el familiar del finado de más próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios.

Imaxe 03. Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polo vermello (BOE núm. 130 de 09/05/1940)

Ao pouco publícase a Orde de 22 de xullo de 1940 aclaratoria da de 1º de maio último sobre exhumacións e inhumación de cadáveres de persoas asasinadas durante o período vermello. Nesta aclárase que o disposto na Orde do 1 de maio do mesmo ano non afectaba “a la eficacia y permanencia de las resoluciones que la autoridad judicial tenga acordadas o acuerde, prohibiendo o condicionando las exhumaciones de cadáveres de hechos delictivos”.

Á súa vez, procedeuse a elaborar unha sorte de censo de persoas falecidas ou desaparecidas que non entraban no suposto de causantes das pensións recoñecidas na lexislación de guerra. Así, mediante Orde de 18 de maio de 1941 pola que se dá prazo para establecer un censo dos familiares dos caídos en defensa de España establécese que as persoas interesadas –“familiares dos caídos en defensa de España” – que careceran de pensión tiñan un mes para formular unha declaración ante a Delegación Rexional do Traballo (art. 1) na que debía figurar o nome do interesado e o do parente falecido, así como o parentesco entre ambos, o número de fillos menores de idade ao seu cargo, patrimonio e ingresos, así como os “servicios prestados a la Patria por el familiar muerto”.

Só os familiares das vítimas do bando franquista foron autorizados a localizar, exhumar e volver a enterrar os restos dos seus achegados enterrados en fosas comúns. Estes familiares recibiron axudas económicas para levar a cabo estas tarefas e algunhas fosas puideron acoutarse e déuselles a mesma protección legal que aos camposantos.

Neste senso, a comezos de abril de 1940 publícase a Orde de 4 de abril de 1940 dispoñendo que polos Concellos se adopten medidas que garantan o respecto ao lugares onde xacen enterradas as vítimas da revolución marxista. Nesta dispónse que “con el fin de evitar posibles profanaciones y de guardar respeto debido a los restos sagrados de los mártires de nuestra Cruzada, los Ayuntamientos acotarán y cerrarán de modo provisional, pero que reúna las precisas garantías de seguridad, aquellos lugares en donde conste de manera cierta que yacen restos de personas asesinadas por los rojos, que non han sido identificados o reclamados por sus familiares” (art. 1).

Feito isto debíase solicitar a declaración do lugar como “terra sagrada”, como si se tratase dun novo cemiterio municipal (art. 2), e no caso de que o número de individuos fora moi reducido, trasladaríanse a unha parcela designada para esta finalidade no cemiterio máis próximo (art. 3).

Coñécense outros exemplos de exhumacións autorizadas e realizadas no pasado século, e tense coñecemento tamén da realización de exhumacións masivas a finais dos 70, cando se transitaba cara a democracia, a pesar de que apenas existe documentación que o acredite. Mais non é ata o ano 2000 cando se comezan a abrir fosas comúns da Guerra Civil española con metodoloxía científica, e cando se comeza a andar un camiño, do que aínda queda moito que transitar, cara a recuperación da memoria democrática, a identificación e recoñecemento das vítimas do xenocidio e a reparación do dano causado nas súas familias.

Dende aquel ano 2000 no conxunto do Estado español exhumáronse máis de 500 fosas comúns e recuperáronse miles de restos (Etcebarria e Solé, 2019), destacando o período comprendido entre o ano 2007 e o ano 2011 en canto ao número de fosas exhumadas, o cal hai que poñer en relación á aprobación da coñecida como Lei da Memoria Histórica no ano 2007, e o apoio – económico - do Goberno central naquela altura.

En Galicia, e atendendo aos datos recollidos por Lourdes Herrasti (2020), nos últimos 20 anos realizáronse un total de 27 exhumacións de fosas comúns recuperándose un total de 75 individuos.



Imaxe da exhumación realizada no ano 2011 en Crecente.

7. Estudo histórico⁵

7.2. Antecedentes

A petición de Orientado Fernández para buscar a seu pai, Rafael Fernández Casas, puxo en marcha o traballo do equipo. Supostamente, estaría enterrado nunha fosa irregular, no cemiterio de Divino Salvador de Trasanqueros, parroquia do concello de Oza Cesuras, localizada na provincia da Coruña, parte do partido xudicial de Betanzos. O espazo actual esta formado por tres grandes áreas, que se delimitan en función dos cambios que sufriu o cemiterio co paso do tempo (figs. 1 e 2). En primeiro lugar, a zona máis antiga está composta pola Igrexa e o adro, este último, foi o espazo no que se enterraron os defuntos da parroquia ata finais dos anos setenta, aproximadamente. Presenta, por tanto, unha gran densidade de tumbas no chan, especialmente na parte frontal do atrio. Dende que se constrúen os primeiros nichos, ao redor do muro de peche, trasládanse algunhas das tumbas e tamén se empregan para novos enterramentos. Posteriormente, ao redor de 1978, constrúese a primeira ampliación do cemiterio, na que se derribou parte do muro de peche lateral esquerdo. Os terreos sobre os que se edificaron ditos nichos eran de propiedade particular, polo que se descarta que esas novas edificacións se elevaran sobre tumbas antigas. Por último, a última ampliación data dos anos 2011-2013, obras que se inician por parte de Jesús Vázquez, en nome do Arcebispado de Santiago de Compostela. Edifícanse novos nichos sobre un terreo que era, previamente, de propiedade privada, que se obtivo mediante unha compra e venda, polo que, de novo, estamos ante un terreo “virxe”, en canto a tumbas se refire.

⁵ Estudo realizado por Conchi López Sánchez (Histagra).

Na actualidade, non se observa ningún tipo de memorialización do espazo, e tras unha primeira toma de contacto, observamos, que os crimes e os enterramentos irregulares de 1936, non foron un suceso coñecido vox populi entre a veciñanza do lugar. En liñas xerais, non houbo unha conversa transxeracional na comunidade sobre a violencia de 1936, e a busca dos restos de Rafael Fernández foron, en certa medida, unha “sorpresa” para moitos dos veciños⁶



Figura 1. Cemiterio de Divino Salvador de Trasanqueros, Oza-Cesuras na actualidade. En amarelo sinalamos a área mais antiga, en laranxa a ampliación de finais dos anos setenta e en vermello, a ampliación de 2011-2013. Fonte: Google Earth

⁶ É necesario resaltar a importancia que tivo nesta investigación, mais alá da familia de Rafael Fernández e de Juan Torreiro, a implicación da Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, de Sada e a da Asociación Terras do Ortegal, xunto coa colaboración de outras persoas, como Andrés Santalla, o cura párroco de Divino Salvador de Trasanqueros, e moitos veciños do lugar.




Figura 2. Cemiterio de Divino Salvador de Trasanqueros, Oza-Cesuras, nos anos cincuenta do século XX. Fonte: Voo Americano (Serie B, 1956-1957)

7.3. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización.

O noso punto de partida foi investigar sobre a identificación das posibles vítimas enterradas nunha fosa nese mesmo espazo. Comezamos por filtrar na base de datos de Nomes e Voces, onde constaban dúas persoas identificadas rexistradas, vítimas da violencia do 36, enterradas no cemiterio de Trasanqueros, Rafael Fernández Casas (pai de Orientado, persoa que realizou a petición de busca) e Juan Torreiro Seoane. O rexistro civil de Cesuras confirmou de novo esta información, no que unicamente se recollen para dito cemiterio, entre 1936 e 1939, dúas vítimas destas características⁷. Posteriormente, unha

⁷ Base de datos de Nomes e Voces, en <http://vitimas.nomesevoces.net>. Rexistro Civil de Defuncións do Xulgado Municipal de Cesuras, tomo 33.

primeira aproximación á bibliografía local e á fonte oral, amosou indicios de tres vítimas mais, de identidade descoñecida, que puideron ser inhumadas no mesmo lugar⁸. Con esta información, traballamos na senda de aclarar a existencia destas persoas, a súa identidade e as circunstancias das dúas mortes.

No referido ás tres persoas descoñecidas, non constan no rexistro civil de defuncións de Cesuras, cuestión que non chama a atención debido á propia loxística do funcionamento da violencia golpista. É certo que adoitan aparecer inscritas persoas “descoñecidas” nestes rexistros, como foi o caso de Rafael e Juan, ata que posteriormente se procedeu ao seu recoñecemento. Con todo, non foi un proceso sistemático e ordenado, realizado con gran rigorosidade, pois esta non foi unha prioridade das autoridades golpistas. Tratáronse de buscar, tamén, nos rexistros de defuncións e enterramentos eclesiásticos pero, unicamente se conservan a partir do ano 1938. Revisáronse igualmente, por se a inscrición fose posterior, incluso nas datas nas que se recoñecen os cadáveres de Rafael Fernández (1938) e Juan Torreiro (1958), pero tampouco apareceu ningún dato recollido⁹.

Neste punto, a fonte oral foi a única que nos daba conta deste indicio; por un lado, a recollida no traballo de Andrés Santalla presentado no Congreso da Memoria, organizado pola Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, e celebrado en Narón, no 2003; e por outro, o testemuño de Juan C. Ponte, veciño da Coruña, cuxa familia materna é natural de Trasanquelos⁵. Precisamente, en relación con este último, no recordo familiar quedaron as visitas dunha familia de Ferrol ás tumbas das vítimas descoñecidas para levarlles

⁸ Andrés Santalla López, “A Depuración do Maxisterio e a educación pública en Galicia: 1936- 1961”, en A represión franquista en Galicia. Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria, Narón, 4 a 7 decembro de 2003, Narón: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2005, páxs. 227-256. Entrevistas con Juan C. Ponte, 28 e 29 de setembro de 2023; 2 de outubro de 2023.

⁹ Libro de Difuntos da parroquia de Divino Salvador de Trasanquelos (1938-2001).

flores. O paso do tempo e a chegada das novas xeracións fixo que dita costume se perdera e a localización da fosa se disipara, quedando, na actualidade, unicamente hipóteses incertas que non se puideron constatar, por medio doutras fontes ou testemuñas.

Tratamos de localizar a Don Manuel, cura párroco de Trasanqueros á altura dos anos noventa, dado que, segundo os veciños, foi a única persoa que puidera ter contacto coas familias das vítimas descoñecidas. A noticia do seu recente falecemento, truncou esta vía de investigación, quedando unicamente o relato do suceso na memoria da familia de Juan C. Ponte. Segundo o seu recordo, estaríamos falando de dous homes e unha muller, asasinados na antiga canteira de Trasanqueros, localizada en gran parte no trazado actual da estrada AC-840, tras a súa reforma e ampliación:

En esa cantera se tiene comentado alguna vez que un joven escondido fue testigo, desde una distancia indeterminada, de los hechos, no hay detalles de cómo fueron las muertes, ni si fue la primera o segunda vez (hasta ahora siempre se pensó, por lo menos en mi entorno, que hubo un solo ajusticiamiento) pero al parecer uno de los represaliados no falleció en el acto, pidió agua y una de las personas que formaba parte de la comitiva lo remató mientras le decía "toma agua"¹⁰.

Con esta información, a pesar de non poder afirmalo de forma rotunda, todo indica que posiblemente as vítimas descoñecidas das que se falan, sexan Rafael Fernández e Juan Torreiro e, por tanto, unicamente estaríamos buscando unha fosa de dúas persoas.

En primeiro lugar, o feito de non constar outras mortes nos rexistros de defuncións, a pesar de non ser unha idea concluínte por si mesma, é moi significativa. En segundo lugar, o recordo da familia de Juan C. Ponte da visita dunha familia "ás tumbas dos paseados", coincide co recordo e o que ten contado a nai de Orientado, fillo de Rafael

¹⁰ Entrevista con Juan C. Ponte, 5 de outubro de 2023.

Fernández, xa que despois de ser asasinado e enterrado en Trasanquelos, ela visitou a tumba do seu marido¹¹. Do mesmo xeito sucedeu coa familia de Juan Torreiro, que acudiu a visitar a súa tumba. En terceiro lugar, en relación co espazo no que asasinan ás vítimas, precisamente coinciden en ambos casos, na volta do Murallón (fig. 3), “había moito terraplén, pero ao fondo había un prado e había un carreiro de a pé para sacar a herba”¹². A pesar de que a estrada da época sufriu unha reforma do seu trazado, nesa zona mantense bastante fiel, era unha área próxima a unha canteira, pegada ao río Mendo, onde fai cóbado. A distancia entre o suposto lugar de execución e o lugar de enterramento, na actualidade é menos de 1 quilómetro, un espazo factible de realizar a pé. Este dato é importante porque foi habitual que os cadáveres se enterraran no cemiterio máis próximo a onde se atoparan, que debería estar a unha distancia que puidera facerse a pé, nun período de tempo relativamente curto e nunhas condicións xeofísicas favorables (figs. 4 e 5). O escenario descrito encaixa dentro das lóxicas de funcionamento da violencia golpista de 1936.

¹¹ Entrevista con Orientado Fernández, 10 de Outubro de 2023, en Trasanquelos.

¹² Entrevista con Anónimo 1, 10 de outubro de 2023, en Trasanquelos.



Figura 3. Detalle na actualidade da volta do Murallón, Trasnquelos. Fonte: fondo Histagra




Figura 4. Mapa (MTN50 1 Ed.) onde se sinala en morado o km. 47 onde asasinaron a Rafael Fernández e Juan Torreiro, e cun punto vermello, o cemiterio onde foron enterrados. Fonte: <https://www.ign.es/web/mapasantiguos/index.htm>



Figura 5. Mapa (PNOA Actual) co trazado actual da onde se sinala en morado o lugar de asasinato de Rafael Fernández e Juan Torreiro. Fonte: <https://www.ign.es/web/mapasantiguos/index.html>

Sobre as persoas que puidemos identificar, o primeiro deles, Rafael Fernández Casas, é a persoa da que máis información coñecemos, grazas ás investigacións previas de Andrés Santalla, Emilio Castro, Abel López Soto e Manuel Pérez Lorenzo¹³. Eles recollen nas súas publicacións toda a traxectoria profesional deste mestre e parte da súa biografía. Nace en Buenos Aires, Argentina, o 3 de agosto de 1901, pero aos poucos anos, as circunstancias familiares fan que volva para Galicia, terra de onde eran orixinarios seus pais. En 1910, ingresa na casa-hospicio de Santiago de Compostela, onde pasa dez anos ata a

¹³Andrés Santalla López, "Rafael Fernández Casas, Mestre mártir galleguista, Mestre republicano, escritor e xornalista comprometido", Idea. Intercambio de experiencias de aula, nº 7, Ferrol: Centro de Formación e Recursos da Consellería de Educación, 2001. Andrés Santalla López, "A Depuración do Maxisterio e a educación pública en Galicia: 1936-1961", en A represión franquista en Galicia. Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria, Narón, 4 a 7 decembro de 2003, Narón: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2005, páxs. 227-256. Emilio Castro Fustes, "Rafael Fernández Casas. Un maxisterio do compromiso e paixón en terras de Ortegá", Terras do Ortegá. Revista de Estudos Locais, nº 4 (2017), Ortigueira: Asociación Terras do Ortegá, páxs. 39-51. Abel López Soto e Manuel Pérez Lorenzo, "Rafael Fernández Casas. Maxisterio e asasinato do Mestre do Souto", Cadernos de Estudos Locais, nº 37 (novembro 2021), Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.

súa saída, como alumno oficial do 2º curso de Maxisterio. En 1922, acada o título de Mestre de Primeira Ensinanza e entra a formar parte da sociedade masónica “Agarimo 78” co título de “mestre”. Neste círculos entraría en contacto con compañeiros republicanos, socialistas e galeguistas como Anxel Casal ou Camilo Díaz Baliño¹⁴.

Un ano máis tarde, en 1923, incorpórase no seu primeiro destino como mestre no concello de Palas e Rei (Lugo). Poucos meses despois trasládase á escola laica que a Sociedade de Instrución e Recreo “La Devesana” fundaran en Devesos, Ortigueira. Nestas primeiras experiencias foi deixando pegada no alumnado grazas ás súas practicas pedagóxicas innovadoras como o uso de fichas, as saídas de campo e unha ensinanza laica. Non todo o mundo recibiu con entusiasmo a súa actuación docente e foi denunciado polo cura párroco, José Orjales Novo. A escola foi clausurada e Rafael recibiu unha sanción económica. Posteriormente ingresaría noutra escola de americanos próxima, a de San Adrián de Veiga, onde pasaría algo mais de dous anos. Durante esta época, outras cuestións marcan a súa vida, alén da súa traxectoria profesional, coñece á súa parella, María Melisendra Lamela, coa que casa e ten dous fillos, Orientado e Filucho. Ademáis, fai amizade co compañeiro mestre e destacado membro das Irmandades da Fala, Victoriano Taibo¹⁵. Tamén é o momento no que inicia as súas colaboracións en diversos xornais galegos como *El Pueblo Gallego*, *La Renovación* ou *La Voz de Ortigueira*¹⁶.

A comezos de 1927 a súa novela, *Loita sae á luz*¹⁷, momento no que tamén se lle concede unha praza na escola estatal da Gándara (Oroso). Pero as autoridades do lugar son reticentes á súa presenza debido aos seus antecedentes sobre os enfrontamentos coa Igrexa e a

¹⁴ *ibid.*

¹⁵ *Íbid.*

¹⁶ *Íbid.* *El Compostelano*, 5 de outubro de 1931, p. 3. *Heraldo de Galicia*, 10 de abril de 1927, p. 2

¹⁷ Consultar en: <https://biblioteca.galiciiana.gal/es/consulta/registro.do?id=448990>

Alcaldía no Ortegal. Neste clima hostil, renuncia a mediados de 1928. Tras pasar un breve período na Ferrolterra, acada o posto de funcionario e comeza unha nova etapa profesional. En 1933, participa nun “Centro de Colaboración” na escola de Arteixo, estando intimamente ligado cos círculos pedagóxicos onde se procuraba unha innovación práctica.

O seu último destino laboral foi a escola de Souto-Carnoedo, en Sada, un lugar no que atopa acomodo en diferentes eidos vitais, dende o ámbito profesional, ata o persoal, facendo amizades como a da familia Suárez Picallo. A República para el supón un contexto político cómodo, que encaixa coa súa identidade política, no que as súas ideas deixan de ser un obstáculo para o desenvolvemento da súa actividade docente. Neste marco, a mediados de 1935 nace o “Ateneo de Cultura Política y Social” grazas ao impulso de Xoán Antón Suárez Picallo coa intención de desenvolver proxectos agrupando os elementos progresistas e do movemento obreiro da comarca. Convértese en pouco tempo nun centro activo de promoción e difusión da cultura grazas á organización de mitins, excursións, faladoiros e verbenas, no que destaca a súa figura como un entusiasta colaborador. Incluso chega a ser elixido presidente de dita institución, en xaneiro de 1936¹⁸.

Tras o Golpe Militar de 1936, o Ateneo, así como outras asociacións de carácter similar, foron clausuradas. Os seus fondos foron incautados, a súa biblioteca foi queimada e o local foi usurpado por Falange e destinado a “Hogar Rural de Frente de Juventudes”¹⁹. Rafael tratou de seguir coa súa vida na súa casa do Souto, sendo testemuño da violencia sufrida polos seus compañeiros, como Xoán Antón Suárez

¹⁸ Manuel Pérez Lorenzo, “O Ateneo de Cultura Política y Social de Sada: unha experiencia societaria na Sada da II República”, *Cadernos de Estudos Locais*, nº 1 (2010), Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo. Manuel Pérez Lorenzo, “Asociacionismo cultural e recreativo en Sada no primeiro terzo do século XX (V)”, *Areal. Revista Cultural de Sada*, nº 1(2019), Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, pp. 24-27.

¹⁹ *Ibid.*

Picallo, Manuel Prego ou Antonio Carballeira. O día 20 de agosto de 1936, pertúrbase dita “normalidade”, tras a súa detención no seu domicilio e o posterior “paseo” sufrido, na estrada próxima ao cemiterio de Trasanqueros. Un día antes, o 19 de agosto, o gobernador civil da Coruña, Florentino González Vallés, decretara a súa suspensión de emprego e soldo, xunto con outros trece compañeiros e compañeiras de profesión, a proposta do Delegado Militar de Instrución Pública²⁰.

Seguindo os mecanismos habituais de funcionamento da violencia golpista, o proceso de persecución, depuración e castigo, continuaba incluso unha vez asasinados, tal e como sucedeu no caso de Rafael Fernández. Para os verdugos, non só era importante o fin máis inmediato relacionado coa eliminación física, senón a construción, máis ben a invención, de toda unha lóxica administrativa e xudicial, que permitise converter a “cidadáns correntes” en “delincuentes” e “rebeldes”. Todo este proceso foi máis alá da morte, polo que, o 26 de agosto de 1936, foi destituído e cesado²¹. A mediados de xullo de 1938, case dous anos despois do seu asasinato, foi repostado na escola de Souto á espera da resolución definitiva do expediente de depuración²². En setembro de 1940, foi separado definitivamente do servizo e dado de baixa na escalafón correspondente do corpo de funcionarios, tras ser acusado de: ser anarquista de acción, pertencer á Asociación de Traballadores do Ensino, ter contribuído aos gastos das eleccións da Fronte Popular e intervir na propaganda ao seu favor²³. Ademais, na causa nº 155/37, instruída polo xulgado especial da Auditoría de Guerra da 8ª Rexión Militar, polo suposto delito de “actividades peligrosas”, foi ordenada a súa detención, o 19 de xullo de 1937, “resultando que de

²⁰ Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña (BOPCO), 21 de agosto de 1936, pág. 1 (citado en (López e Pérez, 2021)).

²¹ BOPCO, 28 de agosto de 1936, pág. 2

²² *El Compostelano*, 15 de decembro de 1938, pág. 1 (citado en López e Pérez, 2021).

²³ *El Compostelano*, 23 de novembro de 1937; 30 de setembro de 1940. BOPCO, 1 de outubro de 1939. Archivo General de la Administración; expediente 32-1213-00034 (citado e Castro, 2017).

las averiguaciones presentes, hay indicios suficientes para aseverar de una manera indubitada la afiliación a la Secta Masónica"²⁴.

A segunda persoa que podemos identificar e da que temos constancia que foi enterrada no cemiterio de Divino Salvador de Trasanqueros, é Juan Torreiro Seoane. Nacera o 15 de febreiro de 1897 na parroquia de Lubre, Bergondo, lugar onde residía en 1936, cando foi asasinado. Era fillo de Melchor Torreiro Gómez e de María Josefa Seoane González, ambos labradores, naturais desa mesma parroquia²⁵. De profesión, era carpinteiro, e estaba casado con Brígida Fernández Franco, coa que tiña cinco fillos, Josefa, Carmen, María, Juan e Purificación²⁶.

Tratamos de localizar documentación da época que nos dera conta súa traxectoria vital e proxección socio-laboral, tanto na esfera pública como na privada, previa a 1936. Pero, ata o momento, o acceso ao arquivo municipal de Bergondo foinos negado, por falta de medios e de recursos. Grazas aos testemuños da súa familia, sabemos que ademais de ser carpinteiro, tamén era mestre de obra, dedicándose ao sector de construción, mundo no que pouco a pouco, e con arduo traballo, se foi facendo un oco. Á altura de 1936 estaba nun momento de alza profesional, no que tiña a persoas baixo o seu mando traballando e, ademais, estaba construíndo unha vivenda para a súa familia. Pertencía, por tanto, a ese sector social en ascenso, grazas a un contexto socioeconómico favorable no que as oportunidades de promoción eran factibles. Non temos constancia dunha filiación política, nin sindical, e, tampouco, dunha participación activa nas accións de resistencia, que se levaron a cabo dende os pequenos núcleos de poboación, ante o Golpe de 1936. Tratamos de

²⁴ Centro Documental de la Memoria Histórica, fondo Tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo, causa 155/1937, peza 6ª, rollo 8º, folio 1216.

²⁵ Certificado Literal de Nacemento, Rexistro Civil de Bergondo

²⁶ Certificado de defunción, Rexistro Civil de Cesuras.

seguir o seu rastro nas fontes que dispoñemos para coñecer parte da persecución levada a cabo polos golpistas. Como resultado, sabemos que non pasou polo cárcere do partido xudicial (Betanzos), ou, que non foi rexistrado e, ademais, non foi acusado, nin procesado pola xustiza militar²⁷.

A vida da familia sen Juan cambiou substancialmente, pois, alén do trauma causado polo seu asasinato e desaparición, esa promoción socioeconómica truncouse. A súa viúva Brígida, sacou adiante á súa familia cultivando as terras de labranza e vendendo ou intercambiando os seus excedentes. Sentiron o apoio dos veciños do lugar, unha rede que lles serviu de acompañamento persoal e tamén, de man de obra para sacar adiante as tarefas agrícolas. Tres dos seus fillos, ao chegar á adolescencia, emigraron para Argentina, onde se afincaron, mentres que Brígida quedou en Lubre acompañada da súa filla menor, Pura²⁸.

A memoria de Juan foi un recordo moi doloroso na familia, pero non foi silenciado. A familia soubo, incluso dende antes de que se procedese á identificación formal no seu cadáver no rexistro de defunción de Cesuras (en 1958), onde estaba enterrado. Parte do seu entorno mais íntimo, acudiu a visitar a súa tumba no cemiterio do Divino Salvador de Trasanqueros e asistiron, xunto cos fregueses do lugar, ás misas alí oficiadas²⁹.

²⁷ Arquivo Municipal de Betanzos, Orde e seguridade pública-Cárcere-Xunta Carcelaria: Libro rexistro de presos (entradas e saídas), 1936-1938, sin. 4312. Base de datos do Tribunal Territorial IV, A Coruña.

²⁸ *Ibid.*

²⁹ *Ibid.* Imaxe cedida pola familia Torreiro Seoane (fig. 22, pax. 29)




Figura 6. Primeira edición do mapa topográfico nacional (1:50.000), elaborado entre 1915 e 1960 no que se sinalan en morado os lugares de asasinato (volta do Murallón) e enterramento (cemiterio de Divino Salvador de Trasanqueros). Fonte: <https://www.ign.es/web/mapasantiguos/index.html>

En canto ao asasinato de Rafael Fernández e Juan Torreiro, foi executado o mesmo día, o 20 de agosto de 1936 e un día despois, foron inscritos inicialmente no rexistro civil de Cesuras como descoñecidos, e enterrados no cemiterio de Divino Salvador de Trasanqueros³⁰. Descoñecemos os detalles do “paseo”, pero podemos acceder á causa instruída polo xulgado de Betanzos, en 1936, con motivo do achado de dous cadáveres “en el kilómetro 47 de la carretera de la Golada a Betanzos el día veinte del actual, o sea el de hoy (20 de agosto de 1936)”³¹. Actualmente o trazado da estrada cambiou, pero grazas á primeira edición do mapa topográfico nacional 1:50.000 (elaborado entre 1915—1960), podemos relacionar o espazo entre o

³⁰ Certificado de defunción, Rexistro Civil de Cesuras

³¹ Arquivo do Reino de Galicia, Causa do Xulgado de Betanzos sobre achado dos cadáveres de Rafael Fernández Casas e de Juan Torreiro Seoane, na estrada da Golada a Betanzos, na parroquia de Trasanqueros, sin. 15504 107.

lugar de asasinato, o lugar de aparición dos cadáveres de Rafael e Juan (km. 47) e o lugar de enterramento, o Cemiterio de Trasanqueros (fig. 6).

Sobre como as autoridades golpistas xestionaron a exposición pública dos seus corpos, o expediente, incoado polo xulgado de Betanzos, dá boa conta da desidia dos funcionarios, á hora de seguir os protocolos de actuación oficiais ante a aparición dun cadáver. Este tipo de expedientes adoitaban recoller a notificación do achado, identificando a persoa que emitía a comunicación, posteriormente, un médico forense e un xuíz do xulgado desprazábanse ao lugar para levantar acta, certificar a defunción e, habitualmente, determinar dilixencias de autopsia e enterramento. Non foi este o caso, polo que non se cumpriron os artigos 340 e 341 da Ley de Enjuiciamiento Criminal de 1882:

Si la instrucción tuviere lugar por causa de muerte violenta o sospechosa de criminalidad, antes de proceder al enterramiento del cadáver o inmediatamente después de su exhumación, hecha la descripción ordenada en el artículo 335, se identificará por medio de testigos que, a la vista del mismo, den razón satisfactoria de su conocimiento.

No habiendo testigos de conocimiento, si el estado del cadáver lo permitiere, se expondrá al público antes de practicarse la autopsia, por tiempo a lo menos de veinticuatro horas, expresando en un cartel, que se fijará a la puerta del depósito de cadáveres, el sitio, hora y día en que aquél se hubiese hallado y el Juez que estuviese instruyendo el sumario, a fin de que quien tenga algún dato que pueda contribuir al reconocimiento del

cadáver o al esclarecimiento del delito y de sus circunstancias lo comunique al Juez instructor³².

Posteriormente, as autoridades xudiciais non lle outorgaron unha identidade aos corpos nin aos autores do delito, polo que o fiscal propuxo o sobresemento da causa, segundo o indicado no segundo punto do artigo 641 da LEC de 1882, “Cuando resulte del sumario haberse cometido un delito y no haya motivos suficientes para acusar a determinada o determinadas personas como autores, cómplices o encubridores”. A pesar de que o auto de determinación (firmado polos xuíces e secretario do xulgado de Betanzos, Hilario de Cepeda, Diego Salgado e Antonio Cofores) sinala que ambos falecen “a consecuencia, según dictamen de autopsia, de hemorragia cerebral” e que se “desconoce quien o quienes hubiesen sido los autores de los disparos”, non se recollen resultados de investigacións relacionadas coa autoría e coas circunstancias do delito, nin tampouco, o certificado de autopsia³³.

Preto de dous anos despois, o 7 de setembro de 1938, o xulgado decláralo como terminado. Apenas un mes mais tarde, o 3 de outubro de 1938, reábrese a causa porque comparece María Melisendra, “quien manifestó que en virtud de sus averiguaciones ha podido comprobar que uno de dichos cadáveres correspondía a su marido, Rafael Fernández Casas”. Vinte anos máis tarde, o 1 de xullo de 1958, vólvese a reabrir o sumario para recoñecer o outro cadáver como o de Juan Torreiro Seoane. Non temos referencia de quen realiza a identificación, de como se realiza ese procedemento, nin máis información, quedando o sumario como conclusivo, por auto do 9 de

³² “Real Decreto de 14 de septiembre de 1882 por el que se aprueba la Ley de Enjuiciamiento Criminal”, *Gaceta de Madrid*, nº 260, de 17/09/1882 (LEC de 1882).

³³ Arquivo do Reino de Galicia, Causa do Xulgado de Betanzos sobre achado dos cadáveres de Rafael Fernández Casas e de Juan Torreiro Seoane, na estrada da Golada a Betanzos, na parroquia de Trasanquelos, sin. 15504 107

xullo do mesmo ano, firmado polo xuíz de instrución, R. Carballal³⁴. As súas familias, tal e como indicamos anteriormente, eran perfectamente conscientes da identidade de ditos cadáveres, de feito, foron a visitar as súas tumbas. Con todo, lanzamos como hipótese explicativa da identificación tardía, a necesidade de xustificación, ante os poderes administrativos, da defunción dos seus parentes para facer calquera trámite burocrático.

Sobre como sucederon os crimes, o fillo de Rafael tiña 14 meses cando seu pai foi secuestrado e asasinado, polo que o recordo deste suceso ven por parte de súa nai, actualmente falecida. Fórono buscar á súa casa, a tarde-noite, do día 19 de agosto de 1936 e a acta de defunción, do día 21 de agosto, sinala que faleceu entre as tres ou catro da mañá do día 20 do mesmo mes. Segundo o recordo na familia Torreiro, ao igual que Rafael, Juan, foi secuestrado na súa casa, o día 19 de agosto de 1936, por parte dun grupo de forzas de orde que non puidemos identificar. Na memoria familiar quedou que “aqueles homes tiñan a cara tapada e déronnos tanto medo, que aquel día, nin sequera volvemos saír da casa nin para encerrar ás galiñas”³⁵.

Sobre como apareceron os cadáveres, no recordo dos mais vellos de Trasanquelos, un día, moi cedo (o día 20 de agosto de 1936), o leiteiro facendo a súa ruta habitual pola parroquia, á altura da volta do Murallón, observou restos de sangue. Posteriormente, avisou na taberna e cando os veciños se achegaron alí, os corpos xa estaban tirados no fondo do prado. Ese lugar quedou sinalado cunha cruz de ferro, descoñecemos en que data se puxo nin á iniciativa de quen, pero actualmente non se conserva³⁶. Anos despois, chegou a oídas do fillo de Rafael Fernández, Orientado, que un dos que levaron a seu pai

³⁴ *Ibid.*

³⁵ Entrevista coa familia de Juan Torreiro Seoane, 17 de outubro de 2023, en Trasanquelos.

³⁶ Entrevista con Anónimo 1 e Anónimo 2, 10 de outubro de 2023, en Trasanquelos.

dende o Murallón ata o cemiterio nun carro de vacas, foi un home apelidado Casal, pai dun xastre moi coñecido. Posteriormente, nunha carpintería moi próxima á Igrexa, fixeron un cadaleito no que inhumaron a dous corpos xuntos, posiblemente, os de Rafael Fernández e Juan Torreiro³⁷.

³⁷ Entrevistas con Orientado Fernández e Anónimo 1, o 10 de outubro de 2023, en Trasanquelos.

7.4. Fichas individuais das vítimas

RAFAEL FERNÁNDEZ CASAS		
Datos persoais	Natural de	Buenos Aires (3 de agosto de 1901)
	Veciño de	Souto-Sada
	Idade	35 anos
	Profesión	Mestre, filólogo e escritor
	Filiación/s	UGT
	Data, lugar de morte	“Paseado” o 20 de agosto de 1936, no km. 47 da estrada Golada-Betanzos, Trasanqueros
	Resumo	Rexistrado morto a causa de hemorraxia cerebral en Cesuras ao día seguinte por orde do xuíz instructor do partido de Cesuras transcribindo carta-orde da superioridade.
Fontes relacionadas	Causa militar	Non
	Entrevistas	Orientado Fernández (fillo, 13 de outubro de 2023)
	Rexistro de defuncións	Si. Recóllese sobre os seus sinais particulares, inicialmente, “de estatura un pouco máis elevada que el anterior (Juan Torreiro), constitución débil, afeitado, de pelo negro”. Posteriormente, a descripción foi completada, “estatura regular, poucas carnes, pelo, cejas y barba negros, afeitado, frente despejada, vistiendo traje azul marino, calcetines de igual color, camisa blanca con gemelos dorados y zapatos negros”.
	Outras	Causa do Xulgado de Betanzos sobre achado dos cadáveres de Rafael Fernández Casas e de Juan Torreiro Seoane, na estrada da Golada a Betanzos, na parroquia de Trasanqueros, Arquivo do Reino de Galicia, sin. 15504 107 AGA, Expediente 32-1213-00034 (citado en E. Castro, 2017) AHU, Expediente académico de Rafael Fernández Casas, Caixa 285 (en E. Castro, 2017)



Figura 7. Retrato de Rafael Fernández Casas, ca. 1925. Fonte: E. Castro (2017)



Figura 8. Políticos e outros asistentes ao acto inaugural das novas escolas na Coruña, ca. 1932. Fonte: Boletín Municipal y de Turismo, Año III, nº 19, abril de 1932, páx. 8 (Rafael Fernández sinalado en vermello).



Figura 9. Rafael Fernández Casas poucos meses antes de que o asasinaran, ca. 1935-1936. Fonte: doazón de Orientado Fernández

JUAN TORREIRO SEOANE		
Datos persoais	Natural de	Bergondo
	Veciño de	San Juan de Lubre, Bergondo
	Idade	39 anos
	Profesión	Carpinteiro, mestre de obra
	Filiación/s	-
	Data, lugar de morte	"Paseado" o 20 de agosto de 1936 no km. 47 da estrada Golada-Betanzos, Trasanquelos
	Resumo	Morte rexistrada a causa de hemorraxia cerebral inscrita ao día seguinte por orde do xuíz de instrución do partido de Cesuras; inscrito inicialmente coma descoñecido e identificado o 23-7-1958 que reproduce unha carta-orde da superioridade do sumario 99/36
Fontes relacionadas	Causa militar	Non
	Entrevistas	Familiares, o 17 de outubro de 2013, en Trasanquelos
	Rexistro de defuncións	Si. Sobre os seus sinais particulares, recóllese inicialmente, "estatura regular, constitución física fuerte, pelo castaño claro". Posteriormente, amplíase, "vistiendo cazadora castaña a cuadros, pantalón castaño, zapatos idem, camisa azul a rallas, camisita gris".
	Outras	Prensa histórica Certificado literal de nacemento de Juan Torreiro Seoane, tomo 20, folio 179, sección 1ª Causa do Xulgado de Betanzos sobre achado dos cadáveres de Rafael Fernández Casas e de Juan Torreiro Seoane, na estrada da Golada a Betanzos, na parroquia de Trasanquelos, Arquivo do Reino de Galicia, sin. 15504 107



Figura 10. Juan Torreiro Seoane, ca. anos trinta do s. XX. Fonte: doazón da familia Torreiro Seoane

7.5. Documentación do espazo a intervir: historia do cemiterio

O ano de construción do cemiterio, momento no que comezan a darse enterramentos no chan, é 1762. As primeiras inhumacións en nichos en altura corresponden á primeira década do século XX. Estas construcións deberon ser minoritarias, asociándose coa capela localizada na marxe esquerda do atrio³⁸. Actualmente, dos nichos datados, o mais antigo corresponde ao ano 1947 e está situado á marxe esquerda da porta de acceso (fig. 11).



Figura 11. Un dos nichos en altura datados mais antigos, ano 1947. Fonte: fondo Histagra

³⁸ Certificado do vicesecretario-interventor do concello de Oza-Cesuras, 31 de xullo de 2013: Expediente 40/2011, licenzas urbanísticas, concello de Cesuras.

Sobre o resto de construcións, determinamos a súa cronoloxía aproximada, dende os anos cincuenta-sesenta ata a actualidade. Isto foi posible grazas ao parentesco dos informantes cos enterradores da parroquia (dende os anos trinta e corenta) e ás propias vivencias persoais derivadas da veciñanza no lugar. Os enterramentos no cemiterio parroquial ata os anos sesenta foron maioritariamente en sepulturas no chan, a pesar de haber algún puntual neses nichos máis antigos. Ademais, debido á alta densidade demográfica do lugar e ao pouco espazo do que dispoñían, foi frecuente o enterramento sobre tumbas anteriores. Non se dispoñía dun osario común, polo que os restos humanos máis antigos que puideran aparecer nun novo enterramento, agrupábanse nun saco e soterrábanse xunto co novo cadáver.

A necesidade de espazo, obrigou a ocupar gran parte do cemiterio (fig. 12), salvo a zona posterior á entrada da igrexa (espazo reservado, nun principio, para o enterramento de bebés que falecían sen estar bautizados) e unha pequena área situada á marxe dereita da entrada principal que abarca aproximadamente dende a porta da igrexa tapiada ata o final da parede do recinto)³⁹.



Figura 12. Detalle das tumbas no chan na entrada do cemiterio, diante da porta principal de acceso á Igrexa. Fonte: fondo Histagra

³⁹ Entrevista con Anónimo 3 e Anónimo 4, 18 de xullo de 2023, en Trasanquelos.

A única modificación importante, da que se ten constancia, acerca da estrutura do cemiterio, foi o cambio de localización da porta principal. A principios do século XX non estaba onde hoxe en día, atopábase na esquina esquerda do cemiterio, coincidindo cun espazo de forma cadrada que na actualidade se atopa exento de tumbas (fig. 13). Con todo, foi unha zona que durante moitos anos se empregou para botar os residuos vexetais do cemiterio. Incluso pola parte externa do muro de peche, nesa zona aínda se conservan os chanzos dunha esqueira de acceso⁴⁰.

Parece ser que entre o material xeolóxico podemos atoparnos na maioría das zonas do cemiterio con rocha nai e moitos dos enterramentos foron escavados nesta roca. Debemos ter en conta tamén, que aquelas zonas que na actualidade non teñan lápida, non quere dicir que non exista un enterramento. Todo apunta a que unicamente as familias que tiñan mais recursos foron as que puideron sinalar con elementos materiais na superficie as tumbas dos seus seres queridos⁴¹.

Esta dinámica de enterramentos cambia a mediados dos anos sesenta e principios dos setenta, cando se constrúen a maioría dos nichos que hoxe podemos apreciar no atrio da igrexa e na ampliación da parte esquerda. Non se puido concretar con precisión a secuencia cronolóxica das construcións. Ademais, os anos que constan actualmente gravados nas placas non se poden tomar como referencia porque poden corresponder con enterramentos previos en terra, que posteriormente foron trasladados a nichos. A grandes trazos, ditos nichos localízanse na súa meirande parte no lado esquerdo do atrio e posteriormente, foron facendo os demais, ata chegar aos da man dereita, que son os máis recentes. Con todo, hai excepcións e na

⁴⁰ Entrevista con Anónimo 1 e Anónimo 2, 10 de outubro de 2023, en Trasanquelos.

⁴¹ Entrevista con Anónimo 4, 18 de xullo de 2023, en Trasanquelos.

parte dereita observamos algún nicho moi antigo; polo que a lóxica construtiva dos nichos semella que non foi lineal, mais ben acorde ás necesidades do momento e ás demandas e preferencias dos seus propietarios (fig. 13)



Figura 13. Detalle do muro de peche da esquina esquerda, antiga entrada. Fonte: fondo Histagra



Figura 14. Nichos da parte dereita do atrio da Igrexa de Trasanquelos, 1960. Fonte: fondo Histagra

Neste momento, déixase de enterrar no chan para ocupar ditos espazos, construídos no borde do atrio, xunto ao muro de peche. Isto significa que posiblemente, algún deles se edificase encima de tumbas anteriores. A primeira ampliación, localizada no lateral esquerdo do atrio, fronte a sancristía, data de 1978, pero non obtivemos documentación sobre a mesma (figs. 16-18). Este espazo, anteriormente, eran leiras de propiedade particular, polo que, a modificación do seu uso permitirá dar continuidade á nova pauta de enterramentos en nichos, iniciada anos antes.

Finalmente, o último gran cambio que ten que ver co cemiterio é a ampliación dos anos 2011-2013. Foi un procedemento que contou con algunhas trabas, como a oposición de parte da veciñanza e algunhas advertencias por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que fixeron reelaborar o proxecto. As obras executáronse

realizando un control e seguimento arqueolóxico e finalizaron no ano 2013⁴² (figs. 15, 19-21).

⁴² Expediente 40/2011, licenzas urbanísticas, concello de Cesuras.




Figura 15. Mapa e lenda no que se sinala en verde a área afectada pola ampliación do cemiterio de 2011- 2013. Fonte: Trazado de rede de camiños de parte do casco urbano de Trasanquelos. Ampliación do cemiterio parroquial-Licenzas urbanísticas, Expediente 40/2011, Concello de Cesuras (coloreado por parte da autora).



Figura 16. Vista da ampliación do cemiterio dos anos setenta. Fonte: Expediente 40/2011, licenzas urbanísticas, concello de Cesuras.



Figura 17. Vista dende o atrio da ampliación do cemiterio dos anos setenta. Fonte: Expediente 40/2011, licenzas urbanísticas, concello de Cesuras.



Figura 18. Ampliación do cemiterio dos anos setenta. Fonte: Expediente 40/2011, licenzas urbanísticas, concello de Cesuras.



Figura 19: Vista previa dos terreos que ocupou a última ampliación do cemiterio de 2011-2013. Fonte: Expediente 40/2011, licenzas urbanísticas, concello de Cesuras.



Figura 20. Muro lateral dereito de peche do cemiterio antes de que conectara coa ampliación de 2011-2013. Fonte: Expediente 40/2011, licenzas urbanísticas, concello de Cesuras



Figura 21. Vista xeral da Igrexa de Trasanqueros e arredores antes da ampliación do cemiterio de 2011- 2013. Fonte: Expediente 40/2011, licenzas urbanísticas, concello de Cesuras.

7.6. Reconecemento e estudo do espazo: proposta de localización da fosa

En función dos datos que coñecemos acerca da historia do cemiterio, das circunstancias dos asasinatos e dos enterramentos levados a cabo neste espazo, xunto coa información recompilada sobre a localización da fosa no cemiterio, presentamos as seguintes hipóteses: tres lugares dos que, por diferentes fontes, temos indicios de que poidan estar relacionados co lugar de enterramento de Rafael Fernández e Juan Torreiro. Preséntanse ordenados de maior a menor probabilidade, destacando en gran medida a primeira hipótese, pero non podendo descartar, ata o momento, tampouco as demais.

A primeira delas é a parte posterior do cemiterio primixenio. Hai testemuños que sinalan, aínda que con gran incerteza, concretamente a esquina esquerda, próxima ao muro de peche (fig. 25). Con todo, é unha área que debemos considerar dende un punto de vista amplo (fig. 24). Unha testemuña de avanzada idade recorda, na súa infancia, ir xogar á Igrexa polas festas e as procesións pero coa advertencia dos maiores de que na parte de atrás non se podía ir porque alí estaban enterrados “os paseados”. Ademais, grazas á familia de Juan Torreiro Seoane, contamos cunha fotografía antiga, da que descoñecemos a data pero, aproximadamente, podemos situarnos entre agosto de 1936 e a década dos corenta. Nela aparece un grupo de persoas aro redor da fosa de Juan Torreiro (e, posiblemente, segundo os indicios cos que contamos, tamén de Rafael) que a propia familia identifica como algúns dos seus parentes, xunto co cura párroco de Divino Salvador de Trasanqueros (fig. 22). Grazas ás características que coñecemos da morfoloxía do cemiterio e dos seus arredores, para as décadas dos anos trinta e corenta do século pasado, xunto cos elementos que podemos apreciar na imaxe (parte do muro da Igrexa e abundante vexetación),

e a posición das persoas en relación a ditos elementos, a zona de enterramento, posiblemente coincida, tamén con esa área (fig. 23).

Dende a lóxica de execución deste tipo de enterramentos, tamén sería unha das zonas máis plausibles, un lugar afastado da entrada, con certa privacidade e onde non se adoita enterrar aos locais. De localizarse aquí a fosa, habería que ter precaución con algunhas das tumbas sinaladas en superficie e coa posibilidade de atopar restos de bebés, dado que este tipo de áreas adoitaban estar destinadas, tamén, para os enterramentos de nenos sen bautizar.



Figura 22. Grupo de persoas ao redor da fosa de Juan Torreiro Seoane no cemiterio de Divino Salvador de Trasanqueros, ca. 1936-1940. Fonte: doazón da familia Torreiro Seoane.



Figura 23. Vista da parte posterior do cemiterio en relación coa fotografía da tumba de Juan Torreiro. Fonte: fondo Histagra



Figura 24. Parte posterior do adro da Igrexa de Trasanqueros: hipótese 1 de localización da fosa. Fonte: fondo Histagra



Figura 25. Detalle da esquina esquerda da parte posterior do adro da Igrexa de Trasanqueros: hipótese 2 da localización da fosa. Fonte: fondo Histagra

En segundo lugar, a parte lateral dereita do adro (figs. 26 e 27). Foi unha zona na que non eran frecuentes os enterramentos ordinarios, pois a xente da parroquia adoitaba enterrarse, antes da construción dos nichos, fronte a entrada principal actual, diante da porta de acceso á Igrexa. A memoria dos mais vellos asocian a fosa cunha sinalización na superficie da terra, por medio de variñas de ferro e botellas de refresco que, precisamente se localizaba neste área. Dende as lóxicas do funcionamento da violencia golpista, non sería o lugar “idóneo”. As persoas que adoitaban dar sepultura aos “paseados” eran os propios veciños ou o enterrador e, aínda que adoitaban facelo nun lugar separado do resto de veciños, como é o caso, é certo que preferían lugares máis afastados da entrada, con menor visibilidade e que pasaran mais desapercibidos. Con todo, é un lugar posible que se debe ter en conta e no que coinciden varios indicios. No caso de situarse aquí a fosa, contamos con que debería ser un lugar non saturado de enterramentos ordinarios anteriores, e no que posiblemente houbera unha importante capa de recheo, a consecuencia das obras de ampliación do cemiterio no ano 2011-2013.



Figura 26. Parte lateral dereita do adro da Igrexa de Trasanqueros: hipótese 2 da localización da fosa. Fonte: fondo Histagra



Figura 27. Parte lateral dereita do atrio da Igrexa de Trasanquelos: hipótese 2 da localización da fosa. Fonte: fondo Histagra

En terceiro e último lugar, varios testemuños coinciden en que a fosa se sitúa na esquina esquerda, segundo accedemos ao recinto santo (fig. 28). Sería a antiga porta de acceso, ao menos dende principios do século XX, que se corresponde cos escanos apreciábles no muro de peche pola parte exterior. Xa vimos anteriormente, como este espazo cumpriu a función dunha especie de punto limpo, dentro do cemiterio, durante boa parte da segunda metade do século XX. É frecuente escoitar, que outro dos criterios á hora de escoller os lugares de enterramento dos "paseados", foi o de continuar a persecución e humillación unha vez mortos. Por esta razón, escollerían como lugar de enterramento un espazo de paso para que os seus corpos fosen pisados constantemente.



Figura 28. Esquina esquerda da parte anterior do adro da Igrexa de Trasanquelos: hipótese 3 de localización da fosa. Fonte: fondo Histagra

7.7. Bibliografía

Castro Fustes, Emilio, "Rafael Fernández Casas. Un maxisterio do compromiso e paixón en terras de Ortegál", Terras do Ortegál. Revista de Estudos Locais, nº 4 (2017), Ortigueira: Asociación Terras do Ortegál, páxs. 39-51.

Fernández Prieto, Lourenzo e Míguez Macho, Antonio, Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo, Vigo: Galaxia, 2018.

González Gómez, X. (2021), "As lembranzas do neno Fernández Casas", en <https://biosbardia.wordpress.com/2021/02/10/as-lebranzas-doneno-fernandez-casas/>

Grandío Seoane, Emilio (ed.), Anos de odio. Golpe, represión e Guerra Civil na provincia da Coruña (1936-1939), Santiago de Compostela: Deputación da Provincia da Coruña, 2007.

López Soto, Abel e Pérez Lorenzo, Manuel, "Rafael Fernández Casas. Maxisterio e asesinato do Mestre do Souto", Cadernos de Estudos Locais, nº 37 (novembro 2021), Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.

Pérez Lorenzo, Manuel, "Asociacionismo cultural e recreativo en Sada no primeiro terzo do século XX (V)", Areal. Revista Cultural de Sada, nº 1 (2019), Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, páxs. 24-27.

Pérez Lorenzo, Manuel, "O Ateneo de Cultura Política y Social de Sada: unha experiencia societaria na Sada da II República", Cadernos de Estudos Locais, nº 1 (2010), Sada: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo.

Santalla López, Andrés, "A Depuración do Maxisterio e a educación pública en Galicia: 1936-1961", en A represión franquista en

Galicia. Actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria, Narón, 4 a 7 decembro de 35 2003, Narón: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2005, páxs. 227-256.

Santalla López, Andrés, "Rafael Fernández Casas, Mestre mártir galleguista, Mestre republicano, escritor e xornalista comprometido", Idea. Intercambio de experiencias de aula, nº 7, Ferrol: Centro de Formación e Recursos da Consellería de Educación, 2001.

Suárez Sandomingo, J. J. (2012), "Rafael Fernández Casas, un maestro laico e innovador", en <https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.7907.php> Suárez, X. M., "A Represión franquista na provincia de A Coruña", en A represión franquista en Galicia: actas dos traballos presentados ao Congreso da Memoria, Narón, 4 a 7 de decembro de 2003, 2005, páxs. 731-748.

Valín Fernández, Alberto, Laicismo, educación y represión en la España del siglo XX, Sada: Edicións do Castro, 1993.

7.8. Fontes

Arquivo do Reino de Galicia

- Fondo do Goberno Civil, G-2552.
- Causa do Xulgado de Betanzos sobre achado dos cadáveres de Rafael Fernández Casas e de Juan Torreiro Seoane, na estrada da Golada a Betanzos, na parroquia de Trasanquelos, Arquivo do Reino de Galicia, sin. 15504 107

Archivo General de la Administración

- Expediente 32-1213-00034 (en E. Castro, 2017)

Arquivo Histórico Universitario

- Expediente académico de Rafael Fernández Casas, Caixa 285 (en E. Castro, 2017)

Centro Documental de la Memoria Histórica

- Tribunal Especial para la Represión de la Masonería y el Comunismo, sin. 1262.

Arquivo Municipal de Betanzos

- Orde e seguridade pública-Cárcere-Xunta Carcelaria: Libro rexistro de presos (entradas e saídas), 1936-1938, sin. 4312.

Concello de Cesuras

- Rexistro Civil de defuncións (1936-1939)
- Licenzas urbanísticas, Expediente 40/2011. 37

Rexistro Civil de Bergondo

- Certificado literal de nacemento de Juan Torreiro Seoane, tomo 20, folio 179, sección 1ª

Archivo Diocesano de Santiago de Compostela

- Libros do s. XIX.

Arquivo Parroquial de Divino Salvador de Trasanqueros

- Libro parroquial de Difuntos (1938-2001).

Terra e Memoria, <https://www.terraememoria.usc.gal>

- Entrevista 102, por M^a Silvia Gómez Gómez, o 15 de abril de 1989, en Betanzos (fondo HISTORGA Xeral)

- Entrevista 180, por Teresa García Sierra, o 11 de abril de 1990, en A Coruña (fondo HISTORGA Xeral)

- Entrevista 2001, por Lourenzo Fernández Prieto, o 1 de xaneiro de 2005 (fondo Nomes e Voces)

Entrevistas realizadas polo equipo

- Anónimo 1, 10 de outubro de 2023, en Trasanqueros
- Anónimo 2, 10 de outubro de 2023, en Trasanqueros
- Anónimo 3, 18 de xullo de 2023, en Trasanqueros
- Anónimo 4, 18 de xullo de 2023, en Trasanqueros
- Juan C. Ponte, 28 e 28 de setembro, e 2 e 5 de outubro de 2023
- Orientado Fernández, 10 de outubro de 2023, en Trasanqueros
- Familiares de Juan Torreiro Seoane, 17 de outubro de 2023 38

Publicacións periódicas

- Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña

Hemeroteca Galiciana,

<https://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/busqueda.do>

- *El Compostelano*

- *Heraldo de Galicia*
- *El Pueblo Gallego*

Base de Datos de Nomes e Voces, <http://vitimas.nomesevoces.net>

- Ficha persoal de Rafael Fernández Casas,
<http://vitimas.nomesevoces.net/gl/ficha/4755/>
- Ficha persoal de Juan Torreiro Seoane,
<http://vitimas.nomesevoces.net/gl/buscar/?buscar=juan+torreiro>

8. Obxectivos da intervención

Coa intervención obxecto do presente proxecto preténdense recuperar os restos de 2 vítimas da represión franquista.

Sen embargo, coma se indica no apartado da análise histórica e de fontes orais, púidose determinar a cronoloxía aproximada da construción dos nichos e da ocupación do cemiterio dende os anos cincuenta-sesenta ata a actualidade. Isto foi posible grazas ao parentesco dos informantes cos enterradores da parroquia (dende os anos trinta e corenta) e ás propias vivencias persoais derivadas da veciñanza no lugar. Os enterramentos no cemiterio parroquial ata os anos sesenta foron maioritariamente en sepulturas no chan. Ademais, debido á alta densidade demográfica do lugar e ao pouco espazo do que dispoñían, foi frecuente o enterramento sobre tumbas anteriores. Non se dispoñía dun osario común, polo que os restos humanos máis antigos que puideran aparecer nun novo enterramento, agrupábanse nun saco e soterrábanse xunto co novo cadáver. A necesidade de espazo, obrigou a ocupar gran parte do cemiterio, salvo a zona posterior á entrada da igrexa (espazo reservado para o enterramento de bebés que falecían sen estar bautizados) e unha pequena área situada á marxe dereita da entrada principal que abarca aproximadamente dende a porta da igrexa tapiada ata o final da parede do recinto). Semella que entre o material xeolóxico, foi documentada na maioría das zonas do cemiterio o substrato natural e moitos dos enterramentos foron escavados nel. Débese ter en conta tamén, que naquelas zonas que na actualidade non teñan lápida, non quere dicir que non exista un enterramento. Todo apunta a que unicamente as familias que tiñan mais recursos foron as que puideron sinalar con elementos materiais na superficie as tumbas dos seus seres queridos.

Esta dinámica de enterramentos cambia a mediados dos anos sesenta e principios dos setenta, cando se constrúen a maioría dos nichos que hoxe podemos apreciar no adro da igrexa e na ampliación da parte esquerda. Déixase de enterrar no chan para ocupar ditos espazos, todos eles construídos no bordo do adro, xunto ao muro de peche.

Polo tanto, débese ter en conta que é moi posible que algún deles se edificase encima de tumbas anteriores. Sobre a localización da fosa no cemiterio, ningunha das persoas coas que falamos teñen información, e tampouco teñen na memoria ningún recordo relacionado co enterramento de “paseados” no cemiterio.

Sobre as vagas referencias que dan fontes orais recollidas na bibliografía local (ás que nós non tivemos acceso), sobre a marxe dereita do cemiterio e a sinalización posterior da fosa con “variñas de ferro e unha botella de plástico de refresco”, pouco puidemos constatar. Veciños do lugar recordan esas variñas empregadas como trampas para cazar toupas que se van movendo en función da localización dos animais. Sobre a marxe dereita do cemiterio, tendo en conta as dinámicas de enterramento, por un lado, é moi posible que se a fosa estivese preto da entrada, se vira alterada (entre outros factores) por enterramentos posteriores.

Por outro, se a fosa se localizase na marxe lateral dereita, é posible que sufrira menos alteracións derivadas de enterramentos posteriores. Pero, tampouco se pode concluír que esta zona estivese exenta de tumbas, debido ás grandes necesidades de espazo que puidemos constatar, especialmente na segunda metade do século XX.

É por elo que non se considera a escavación na marxe dereita segundo se entra no adro da igrexa, lugar no que poderían estar enterrados os corpos, xa que enriba desta zona existen nichos posteriores e enterramentos de veciños realizados tamén con posterioridade aos feitos do 36, segundo explicaron veciños e familiares directos do anterior enterrador do cemiterio.

Cabe sinalar que na franxa ou lateral externo S da igrexa, existe unha zona que a priori non foi destinada a enterramentos veciñais, segundo indican os informantes, polo que podería caber a posibilidade de que aí existise algunha fosa. É por elo que se propón un traballo en dúas fases. Na primeira realizouse un estudo do adro e contorna inmediata da igrexa con xeorradar para tras, a análise e interpretación dos resultados, efectuar unha intervención mediante sondaxe arqueolóxica que permita testemuñar a presenza ou non, dos restos buscados.

En concreto os obxectivos que se pretenderon foron: -

- Prospección previa con xeorradar e interpretación de resultados.
- Escavación e identificación individualizada dos restos.
- Documentación e análise de campo do corpos identificados.
- Exhumación e extracción individual de cada corpo identificado como represaliado.
- Rexistro das marcas de violencia de cada un dos represaliados identificados.
- Análise individualizada no laboratorio para obter datos primarios non observados en campo.
- Relacionar os datos aportados polas fonte bibliográficas e documentais e as testemuñas orais cos datos obtidos durante o proceso de escavación.

- Adoptar as medidas de conservación e protección necesarias, na preservación dos restos óseos para proceder a analíticas de ADN.

O espazo obxecto da intervención arqueolóxica é unha foxa ou enterramentos individuais, na que se atopan depositados os restos de 2 vítimas da violencia que acompañou ao golpe de Estado de xullo de 1936. As foxas forman parte do itinerario que seguían aquelas persoas obxecto desa violencia, sendo o estadio e o espazo final polo que pasaban tras decidirse o seu destino: o asasinato. A efectos de catalogación, son un espazo de enterramento. Os espazos regulares de enterramento están relacionados co tipo de inhumación, co enterramento regular do cadáver nun cemiterio, nunha tumba ou nun nicho identificable; cando a inhumación da vítima non se realiza seguindo ese procedemento, atopámonos ante enterramentos levados a cabo de forma irregular, dos que son paradigmáticos os enterramentos en foxas).

Dentro das foxas aínda existe unha distinción máis a ter en conta a efectos da súa catalogación. Á hora de identificalas e estudalas podemos atoparnos con foxas en campo aberto, é dicir, con foxas comúns que non están relacionadas cun cemiterio, se non que se identifican como tal debido ao abandono de corpos tras o asasinato, producíndose o enterramento nun lugar determinado no que permanecen soterrados sen ser trasladados. Por outra banda, atopamos as foxas comúns de cemiterio, isto é, aqueles espazos existentes dentro dun cemiterio, empregados para outro tipo de inhumacións, e que serviron ao mesmo tempo para o traslado e enterro dos corpos dalgúns asasinados. Son, polo tanto, espazos que xa eran empregados con

anterioridade e que foron empregados con posterioridade, pero que tamén serviron como lugar de enterramento para as vítimas.

A foxa do cemiterio de Trasanquelos pertence a esta segunda tipoloxía. Debido a isto, o estudo histórico previo á intervención sobre a mesma cobra unha gran importancia, pois ten como obxectivo analizar todos os datos dispoñibles para, na medida do posible, recoñecer o espazo concreto que se empregou para enterrar ás vítimas da violencia. Con isto preténdese facilitar a labor arqueolóxica e economizar os esforzos para que sexa o máis eficiente posible. Delimitar o espazo físico sobre o que se actuará é unha decisión, ademais, interdisciplinaria e consensuada entre os historiadores encargados do estudo, os arqueólogos que a levarán a cabo e o responsable antropólogo forense. Entre todos veñen de concretar ese espazo tras realizarse o estudo previo.

O estudo histórico – realizado polos investigadores e investigadoras do Grupo Histagra - comezou co coñecemento das vítimas enterradas na foxa. O coñecemento da identidade das vítimas é o que permitiu o seguinte paso da investigación: a documentación de todos os datos posibles relacionados con elas para conseguir identificalas e situalas da forma máis precisa posible. Neste sentido, Galicia ten unha posición privilexiada dentro do conxunto do Estado, pois grazas ao Proxecto Nomes e Voces (2006-2012) contamos cunha base de datos (vítimas.nomesevoces.net) na que se atopan catalogadas todas as vítimas da violencia que sucedeu ao golpe de Estado, con numerosos ítems asociados que refiren as diferentes fontes ás que recorrer para a documentación de cada unha desas vítimas. É grazas á base de datos de Nomes e Voces que se puido facer unha primeira achega á documentación asociada a cada asasinado -por

exemplo, os rexistros de defuncións-, o que tamén permitiu coñecer que cantidade de información temos dispoñible en cada caso.

No caso da fosa de Trasanquelos os obxectivos foron a localización de dúas vítimas:

- Rafael Fernández Casas: veciño de Sada, 34 anos, mestre en Sada (antes estivera nas escolas de indianos de San Adrián e Devesos, Ortigueira), filólogo e escritor, presidente do Ateneo de Cultura Social e Política de Sada, afiliado a UGT. Asasinado (paseado) o 20 de agosto de 1936 no km. 47 da estrada Golada-Betanzos, Trasanquelos. Rexistrado morto a causa de hemorraxia cerebral en Cesuras ao día seguinte por orde do xuíz instrutor do partido de Cesuras transcribindo carta-orde da superioridade.

- Juan Torreiro Seoane: natural de Bergondo, veciño de Lubre (Bergondo), 39 anos, asasinado o 20 de agosto de 1936, no km 47 da estrada A GoladaBetanzos, Trasanquelos. Morte rexistrada a causa de hemorraxia cerebral inscrita ao día seguinte por orde do xuíz de instrución do partido de Cesuras; inscrito inicialmente como descoñecido e identificado o 23- 7-1958 que reproduce unha carta-orde da superioridade do sumario 99/36.

9. Metodoloxía

A sondaxe levarase a cabo con medios manuais, tendo presente o protocolo antes reproducido, optarase sempre que sexa posible polo uso de instrumentos pequenos como palustres, brochas, espátulas de madeiras e instrumentos odontolóxicos.

Empregarase a técnica de escavación estratigráfica con alternancia de escavación por niveis artificiais, todo ilo circunscrito os límites da sondaxes previamente reformulado. En consecuencia, a intervención avanzará seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo, ou ben mediante a retirada en sucesivas capas artificiais ata detectar cambios significativos na estratigrafía, para a continuación realizar unha escavación estratigráfica.

O rexistro e descrición dos diferentes estratos e interfaces que compoñen a estratificación arqueolóxica realizarase atendendo aos criterios e prescricións propostas no Edwar C. Harris (1991). Para facilitar e axilizar o rexistro da información durante os traballos de escavación, así como co obxectivo de xerar un rexistro homoxéneo e coherente en canto aos conceptos, termos e criterios de avaliación empregados, disporase dunha ficha de rexistro previamente confeccionada como a que se adxunta ao presente proxecto.

A documentación descritiva recollerá unha valoración básica da secuencia estratigráfica documentada na sondaxe. A información estruturarase de forma que primeiro se recolla o estudo analítico de cada entidade de estratificación identificada, seguido dunha interpretación, referíndose de forma xenérica á explicación do proceso de formación concreto de cada elemento. Cada estrato e elemento identificado terá a súa propia numeración e ficha de rexistro, e relacionaranse cunha secuencia cronoestratigráfica global.

Empregarase coordenadas absolutas, utilizando o sistema de coordenadas UTM, coa proxección ETRS89. Para o desenvolvemento da intervención contarase preferentemente cunha estación total ou GPS subcentimétrico que permita recoller datos espaciais, tanto relativos á localización de restos de interese como para a delimitación e representación dos estratos e interfaces identificados. Fotografaranse todos aqueles elementos e entidades arqueolóxicas que resulten de interese para os obxectivos deste proxecto. A totalidade do rexistro fotográfico realizarase en soporte electrónico de alta resolución (NIKON D3400, NIKON D3200, ou semellantes).

Para a documentación planimétrica priorizarase o emprego da fotogrametría terrestre, se ben, cando non sexa posible, empregarase o método tradicional de debuxo, delineando cada unha das entidades ou elementos de interese identificados en planta ou nas seccións de parede a escala 1:20 para logo procesar os debuxos mediante software de deseño gráfico (AutoCAD 2014 ou semellantes).

En consecuencia do exposto, a documentación xerada mediante técnicas como a fotogrametría ou mediante o emprego de instrumentos topográficos de precisión, entregarase en formato electrónico, en soporte shapefile (shp) ou compatibles, coa finalidade de que permita unha fácil interacción entre sistemas SIX

9.2.1. Fichas de rexistro de unidades estratigráficas



INTERVENCIÓN: _____ DATA: _____ PAX. _____

[illegible]

XACEMENTO:...		ANO:...		CÓD. INTERVENCIÓN:...		SECTOR:...	
TÍTULO-UE							
Atributos		Valores		Atributos		Valores	
Tipo-UE				Cor-{positivas}		-	
Potencia				Compactación-{estratos}		-	
Orientación				Granulometría-{estratos}		-	
Inclinación				Fotografía-{non, indicar motivo}		Sit ☐ Non ☐	
Dimensións-{Lonx-x-Alt-x-Anch}-				Indicar en función dos eixos cartesianos X-Y, e Z a ser posible			
Format							
Composición/Materiais							
Frecuencia e tipo de materiais		Arqueolóxicos ou non, p.ex: clausura					
Debuxo		Si—Perfil		Planta		Non	
Topografía		Si—Estación		GPS		Non	
Mostr		Si—Datación		Flotación		Non	
				Testemuñas		Non	
				Outros		Non	
				Material		Non	
Descrición Esbozo:							
Guía para a descrición. Incorporación da maior información posible. Cortes: en forma de planta, forma das esquinas, paredes, base, rupturas cóncava e convexa, alteracións, UE de recheo. Elementos construtivos: materiais, tratamento/bala, técnica construtiva/aparelo, morteiro/xuntas, dirección das caras, deformacións, revestimentos e enlucidos, observacións. Interface construtiva: forma, dimensións, observacións.							
Relacións		Igual-a		Cobre-a		Reenche-a	
Cuberta-port		Corta-a		Apóias-en			
Reenchida-port							
Cortada-port							
Apóiasellen							
Interpretación							
Redactor/a da ficha:		Data:		Fase:		Revisada:	



▶ TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.
CIF B70608948
📍 Arquitecto Domingo A. de Andrade, 12 b
15704 - Santiago de Compostela (A Coruña)
☎ 881 97 27 67 ✉ info@tempos.es
🌐 www.tempos.es 📞 TemposArqueologos

ACTUACIÓN:

FOLLA N° 1[illegible]



REXISTRO DE MOSTRAS

		ACTUACIÓN	SECTOR	CATA	URs	UE(s)	Nº
Rexistrado por							Data
RECOLLIDA		Tipo de material					
Mostra dirixida a							
Datación	Carpoloxía	Palinoloxía	Íctiofauna	Malacoloxía	Fauna	Sedimentoloxía	Microfauna
Forma de recollida							Nº Litros:
Aleatoria		Agrupada		Illada		Total	
Risco de achados intrusivos:		Alto:	Medio:	Baixo:			
Motivo do risco:							
Tipo de estrutura / UE							
Observacións e descrición da localización							
Rexistro gráfico		Sección		Plantas		Fotos	



ESQUEMA DO PERFIL / PLANTA

Escala:	
UR(s):	

Coordenadas esquina inferior esquerda

X	
Y	

NORTE



9.3. Emisión de informes

Informarase á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do intre de inicio e finalización da intervención arqueolóxica, e ademais, en cumprimento do disposto no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, emitírase o informe valorativo dos traballos no prazo máximo de 10 días (artigo 10) e da memoria interpretativa no prazo máximo de 12 meses, unha vez finalizada a actuación en campo (artigo 11).

9.4. Materiais arqueolóxicos

Non foi recollido material arqueolóxico durante os traballos de identificación e exhumación no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos.

Pola contra, os restos óseos susceptibles de pertencer ás vítimas de represión franquista foron exhumados e trasladados ao laboratorio para o seu estudo por parte do antropólogo forense.

9.5 Plan de protección e conservación

Unha vez finalizada a intervención arqueolóxica e exhumados os restos óseos identificados para a súa análise, tapáronse as sondaxes escavadas, restituíndo o espazo ás condicións previas á escavación.

.

10. Resultados dos traballos

A continuación preséntanse os resultados dos traballos de identificación e exhumación da fosa común con vítimas da represión franquista no cemiterio de San Salvador de Trasanquelos, Oza-Cesuras (A Coruña) levados a cabo entre os días 20 e 27 de novembro de 2023.

Realizáronse dúas sondaxes, unha ao E, detrás da igrexa (sondaxe 100) e outra no lateral N do templo (sondaxe 200).

10.1. SECTOR 100

O sector 100 localízase detrás da ábsida da igrexa, cunhas medidas de 3x3 m.

As coordenadas UTM ETRS89 29N son:

	X	Y	Z
SW	567325,386	4780378,772	255,377
NW	567324,674	4780381,639	255,315
NE	567327,634	4780382,231	255,267
SE	567328,301	4780379,419	255,287



Sector 100, vista dende o S, estado previo

No sector 100, tras a retirada da capa vexetal (**UE 101**) cunha profundidade de 6 cm, localizáronse dous niveis en planta, **UE 102** e **UE 103**. No extremo E localízase a **UE 102**, de cor negra, orgánica e de baixa compactidade, a cal presenta unha orientación N-S e conta cunhas dimensións de 2.80 m de longo, 18 cm de profundidade e unha anchura de 70 cm.



UE 102, vista dende o S

Neste nivel encontramos numerosos restos de lixo, entre o que destacamos restos de flores sintéticas, anacos de vidros e gran cantidade de fíos. Neste nivel comezamos a localizar restos óseos illados, sen conexión e claramente revoltos.

Ocupando algo máis da metade cara o W., sitúase a **UE 103**, a cal, tras a retirada da **UE 102**, vai ocupar toda a superficie da sondaxe, acadando unha profundidade de 52 cm. A súa cor é marrón, de textura semiorgánica con abundancia de pedras de pequeno tamaño e presenta unha compactidade media-baixa. Nesta capa localizamos numerosos restos de tella, anacos de ladrillo alveolar e fragmentos de vidro. Ademais dos materiais mencionados van ser constantes os achados de ósos soltos, sen conexión, mostrando que estamos ante un nivel de revolto.



UE 103 en planta, vista dende o S

A unha profundidade de 56 cm, decídese realizar unha cata na sondaxe 100. Esta vaise localizar no flanco W abarcando a lonxitude total de 3 m da sondaxe e cun ancho de 1 m.

Nesta cata imos localizar baixo a **UE 103**, a **UE 104**. Trátase dun nivel de cor marrón, semiorgánica e cunha compactidade media-baixa que acada os 72 cm de potencia. Ao igual que no nivel superior, a localización de restos de tella, vidros e restos de louza contemporáneas vai ser frecuente. Debemos destacar neste nivel o achado de gran número de ósos sen conexión anatómica, mostrando unha vez máis o nivel de revolto do terreo.



UE 104, vista dende o S

Unha vez esgotada a **UE 104**, apareceron 3 fosas de enterramento separadas por 3 novas UUEE. Na esquina noroeste sitúase a **UE 105**, de matriz arxilosa de cor grisácea, compacta cunhas dimensións de 42 cm de lonxitude e 14 e 18 cm de ancho. Esta UE é cortada pola **UE 111**, para realizar a fosa de enterramento 3 (**UE 110**).

Situada no centro da cata, encontramos a **UE 112**, tamén de matriz arxilosa, de cor grisácea, compacta e cunha anchura de 42 cm de lonxitude e 23 cm de ancho. Esta foi cortada tanto pola **UE 111** no seu lado norte, para a realización da fosa 3 e, como pola **UE 109** no seu lado sur para a realización da fosa 2 (**UE 108**).

A 23 cm do perfil S, foi localizado un terceiro nivel similar aos dous anteriores. Esta foi a **UE 113**, unha vez máis de matriz arxilosa de cor grisácea, compacta e de 47 cm de lonxitude e 32 de ancho. Esta encontrábase cortada pola **UE 109**, no seu lado norte, para a

realización da fosa 2, así como cortada pola **UE 107**, no seu lado sur, para a realización da fosa 1.



Cata onde se localizan as 3 fosas, vista dende o E

Entre o perfil S e a **UE 113** sitúase a fosa 1 (**UE 106**). A primeira das fosas, está situada a unha profundidade de 122 cm, conta cun ancho de 35 (W) e 60 (E) cm, mais non é posible determinar a súa lonxitude pois introdúcese no perfil E. Conformando esta fosa, identificáronse dúas UUEE, a primeira trátase dun recheo (**UE 106**) de cor marrón escura e compactidade media-baixa, a cal presenta unha orientación W-E. Neste recheo encontramos restos óseos pertencentes a un cráneo, así como fragmentos de ósos en moi mal estado de conservación. A segunda UE corresponde a unha interface (**UE 107**), un corte na **UE 113** para a propia realización da buraco de inhumación.

Separada pola **UE 113**, localizamos a **fosa 2**, situada á unha profundidade de 126 cm e cunha orientación tamén W-E. As súas dimensión son 46 cm de ancho, sen poder novamente determinar a súa

lonxitude, pois introdúcese no perfil E da cata. Nesta fosa identificamos por un lado, un nivel de recheo (**UE 108**), no cal foron localizados dous cranios, un deles en posición primaria. Por outro lado, localizamos unha interface, un corte (**UE 109**) nas **UUEE 113** e **112** para a realización da fosa.

Cara o N, separada pola **UE 112**, localizamos a **fosa 3**, situada a unha profundidade similar ás fosas anteriores, é dicir 124 cm. Trátase dunha fosa de 76 cm de ancho no perfil W e 155 cm no perfil E da cata, e ao igual cas anteriores conforma un enterramento con orientación W-E que se introduce no perfil E da cata, sendo imposible determinar a súa lonxitude.

Contamos con dúas UUEE nesta fosa, sendo a primeira un nivel de recheo (**UE 110**) de cor marrón escuro, dunha compactidade media-baixa, onde se encontra inhumado un individuo en posición primaria, conservándose o cranio, as vértebras superiores e o brazo dereito, todos eles nun delicado estado de conservación.

A segunda UE consiste nun corte, unha interface (**UE 111**), que corta a **UE 112** no seu lado sur e a **UE 105** no lado norte para a realización da fosa 3.

Os recheos das tres fosas non foron escavadas na súa totalidade debido a que a análise do antropólogo forense descartou a posible compatibilidade dos restos achados cos perfís das persoas que se intenta localizar.

Unha vez tomados os datos de rexistro, procedeuse ao tapado da sondaxe.




Sector 100 tapado, vista dende o N

10.1.2 Índice de unidades estratigráficas sector 100

Nº UE	TÍTULO	TIPO	OBSERVACIONES
101	Capa vexetal	Depósito	Sector 100
102	Terra negra	Depósito	Sector 100
103	Terra marrón	Depósito	Sector 100
104	Terra marrón inferior	Depósito	Sector 100
105	Terra arxilosa	Depósito	Sector 100
106	Recheo fosa 1	Depósito	Sector 100
107	Corte fosa 1	Corte	Sector 100
108	Recheo fosa 2	Depósito	Sector 100
109	Corte fosa 2	Corte	Sector 100
110	Recheo fosa 3	Depósito	Sector 100
111	Corte fosa 3	Corte	Sector 100
112	Terra arxilosa 2	Depósito	Sector 100
113	Terra arxilosa 3	Depósito	Sector 100

10.1.3. Matrix Harris sector 100



10.2. SECTOR 200

No lateral N da igrexa decidiuse realizar unha segunda sondaxe, tentando esgotar todas as posibilidades suxeridas polas fontes, en especial unha fotografía que parecía indicar esta localización como a axeitada. Esta nova sondaxe conta cunhas dimensións de 1m de ancho no extremo W, 70 cm no extremo E e 3.80 m de longo.

As coordenadas UTM ETRS89 29N son:

	X	Y	Z
NW	567317,949	4780384,785	255,245
SW	567318,173	4780383,776	255,287
S	567320,801	4780384,4	255,188
S2	567320,736	4780384,712	255,216
SE	567321,783	4780384,976	255,165
NE	567321,602	4780385,672	255,171



Sondaxe 200, vista dende o W, estado previo

Deste xeito, levouse a cabo unha sondaxe con orientación E-W cunha planta irregular para evitar danar os enterramentos circundantes, sendo finalmente as medidas de 3.80 m de longo, 1 m de ancho no extremo W e 70 cm de ancho no extremo E.

Os traballos comezaron coa retirada da capa vexetal (**UE 201**) dunha profundidade de entre 3-6 cm. Tras esta localizamos a **UE 202**, un nivel marrón dunha compactidade baixa, a cal se reducía incluso máis segundo afondabamos no nivel. A súa potencia era entre 48 e 50 cm onde se atoparon restos de tellas, anacos de flores sintéticas e vidros. Ademais disto, nesta capa foron localizados numerosos restos óseos a moi pouca profundidade, todos eles en posición secundaria e con claros signos de pertencer a un nivel de revolto.



UE 202, vista dende o E

Entre os restos óseos destacamos os **restos 02**, un conxunto de ósos longos e dous cranios en posición secundaria, os cales se sitúan a unha profundidade de 15 cm da superficie e a 36 cm do perfil W. Estes foron examinados polo antropólogo forense en campo, vendo polo menos nun, posibles danos compatibles cunha morte violenta. Polo tanto foron exhumados e levados ao laboratorio para o seu estudo.



Cranios con posibles signos de violencia, vista desde o W

Os outros restos óseos foron recollidos organizándoos segundo a súa localización e proximidade, e ao igual que non caso arriba citado, trasladados ao laboratorio.

Unha vez esgotada a **UE 202**, a unha profundidade de 54 cm localizamos a **UE 203**, un nivel marrón escuro e cunha compactidade media, máis compacta ca UE anterior. Seguen neste novo nivel os achados constantes de ósos sen conexión, así como restos de tella sendo patente a acción de revolto nesta capa.



UE 203 do sector 200, vista dende o W

No perfil W, apreciarse baixo a capa vexetal un enterramento. Trátase dunha UE de recheo (**UE 204**), na que se sitúa un individuo (identificado como individuo 4), non escavado, pero do que era visible a súa posición primaria e o seu ataúde (**UE 205**), situado a 62 cm de profundidade, sendo as súas medidas 42 cm de ancho e 30 cm de altura. Sumado a isto, o ataúde estaba composto por materiais recentes, plásticos e espumas, descartando polo tanto a súa pertenza a unha das vítimas da represión. Este enterramento contaba así mesmo, cun corte (**UE 206**) de 52 cm de ancho e alcanzando unha profundidade de 90 cm.



Ataúde no perfil W do individuo 4, vista dende o E

No extremo oposto, no extremo E da sondaxe, na parte mais estreita, localizouse a 90 cm de profundidade outra fosa. Por un lado un recheo (**UE 207**) de cor marrón e compactidade media-baixa que contiña un esqueleto (individuo 2) en posición primaria. A segunda UE trátase do ataúde (**208**), de 67 cm de lonxitude e 50 cm de ancho, o cal contaba con elementos de plástico violetas modernos que nos fan descartar este individuo como vítima de represión, polo que non se continuou coa súa escavación. Por último, neste espazo localízase a **UE 209**, correspondente ao corte para a realización do enterramento de 70 cm de longo e 55 cm de ancho. Esta fosa non foi esgotada por non corresponder cunha vítima de represión.



Individuo 2, vista dende o E

A continuación, 1 m de profundidade a 80 cm do perfil W, foi localizada unha fosa de inhumación con orientación W-E. Localizamos nesta fosa un nivel de recheo (**UE 210**) cunhas dimensións de 175 cm de longo, 64 cm de ancho e 78 cm de potencia, o cal alberga un ataúde (**UE211**), do que se conservan moi poucos elementos, pequenos anacos de madeira e puntas metálicas. Estas dúas UUEE cubrían un corte (**UE 212**) realizado para a propia realización da fosa que corresponde coas mesmas medidas ca o recheo da fosa (**UE 210**).

O ataúde alberga un individuo, identificado como individuo 1, encontrándose en posición primaria, estando conservado boa parte do seu esqueleto. A altura do seu xeonllo esquerdo localízase un óso longo en posición transversal á súa perna, non correspondo cunha parte do individuo 1. Ao mesmo ocorre na parte superior, pois outro óso longo sitúase atravesando transversalmente o tórax do individuo 1, outra vez non pertencendo a este.

Ademais dos elementos óseos tamén se conservaron as botas, os calcetíns e un anaco de tea negra a altura da pelve. Estes elementos da vestimenta posibilitounos identificar os restos como pertencentes a unha persoa dos anos 50 ou 60, sendo polo tanto posterior as persoas que tratábamos de localizar.



Individuo 1, vista dende W



Detalle das botas e calcetíns do individuo 1, vista dende o E

Debido a cronoloxía do da fosa do individuo 1, posterior aos anos 30, decidiuse levantar o tronco superior e cranio deste individuo e facer unha cata para descartar a existencia de enterramentos máis antigos. Unha vez levantado o esqueleto do individuo 1, localizouse inmediatamente baixo este outro esqueleto (individuo 3), en posición primaria e orientado, como o resto de individuos localizados, W-E. O cranio deste individuo introducíase no perfil W, e encontrábase baixo o ataúde do individuo 4.

No enterramento do individuo 3 localizouse un recheo (**UE 213**), de pouca potencia, entre 13 e 17 cm. Este recheo sitúase no extremo W da sondaxe e ten unha lonxitude de 140 cm, se ben introdúcese no perfil W, e a súa anchura é de 55 cm. Este nivel presenta unha matriz arxilosa e unha compactidade media-baixa. Baixo este recheo (**UE 213**) localizamos o individuo 3 e o seu ataúde (**UE 214**). A caixa mortuoria apenas presenta elementos conservados, limitándose a cravos que

unían as madeiras. Estas dúas UUEE reenchían unha interfacee, é dicir un corte (**UE 215**) realizado para a inhumación 140 de longo e 55 cm de ancho.



Individuo 3, vista dende o E

O cranio do individuo 3 introducíase no perfil W, estando situado baixo o ataúde do individuo 4. Finalmente, o cranio foi retirado para o estudo en campo do antropólogo forense, quen descartou que coincidira coas características físicas das persoas represaliadas que procuramos.



Cranio individuo 3 baixo ataúde individuo 4, vista dende o E

Unha vez descartada a posibilidade de que os individuos 1, 2, 3 e 4 puideran ser vítimas de represión, procedeuse a depositar os restos do individuo 3 e individuo 1 que foran retirados para o seu estudo en campo e levouse a cabo o tapado das sondaxes con terra.




Sondaxe 200 tapada

10.2.1. Índice de unidades estratigráficas sector 200

Nº UE	TÍTULO	TIPO	OBSERVACIÓNS
201	Capa vexetal	Depósito	Sector 200
202	Terra marrón	Depósito	Sector 200
203	Terra marrón inferior	Depósito	Sector 200
204	Recheo individuo 4	Depósito	Sector 200
205	Ataúde individuo 4	Estrutura	Sector 200
206	Corte fosa individuo 4	Corte	Sector 200
207	Recheo individuo 2	Depósito	Sector 200
208	Ataúde individuo 2	Estrutura	Sector 200
209	Corte fosa individuo 2	Corte	Sector 200
210	Recheo individuo 1	Depósito	Sector 200
211	Ataúde individuo 1	Estrutura	Sector 200
212	Corte fosa individuo 1	Corte	Sector 200
213	Recheo individuo 3	Depósito	Sector 200
214	Ataúde individuo 3	Estrutura	Sector 200
215	Corte individuo 3	Corte	Sector 200

10.2.2. Matrix Harris sector 200



11. Conclusións

Os traballos realizados no cemiterio de San Salvador de Trasanqueros tiñan o obxectivo de recuperar dúas vítimas da represión franquista, Rafael Fernández Casas e Juan Torreiro. Para isto leváronse a cabo dúas sondaxes, unha tras a igrexa e outra no lateral norte da mesma.

Ámbalas dúas sondaxes mostraron xa nun primeiro momento, tras a retirada da capa vexetal, que o cemiterio foi un espazo de inhumación constante, tan frecuente nas parroquias galegas, resultando nun espazo altamente removido e alterado polos constantes enterramentos.

No sector 100, tras a retirada da capa vexetal, viuse unha capa moi orgánica, con restos de lixo (UE 102), seguramente resultado da inexistencia de contedores de lixo no pasado, e polo tanto, fíxose uso da parte traseira do cemiterio como lugar de depósito dos refugалlos, así como restos de fíos e variñas metálicas, as cales funcionaron como trampas para cazar toupas segundo contan os veciños. Xa nesta UE comezaron a saír ósos moi revoltos.

A continuación, nas labores de retira da UE 103, constatouse o profundo nivel de revolto da zona, pois a aparición dos restos óseos inconexos era cada vez maior, especialmente de restos infantís.

Tras a retirada da UE 103, localizamos a UE 104, na que se mantiña a dinámica de revolto e onde seguiron aparecendo numerosos ósos sen conexión. Entre eles, 10 cranios, os cales foron exhumados e trasladados ao laboratorio forense para a súa análise.

Baixo a UE 104 localizáronse 3 fosas partindo do perfil W, con orientación W-E, na que apareceron restos óseos nun estado de conservación moi delicado. Unicamente a fosa número 3 contaba cun enterramento en posición primaria, permanecendo o cranio, parte do brazo dereito e as cervicais. Despois da observación por parte do antropólogo forense e visto que as súas características non eran compatibles coas dos individuos que buscamos, os restos non foron exhumados.

No sector 200, tras a retirada da capa vexetal localizouse, ao igual que no sector anterior, un nivel (UE 202) con gran cantidade de ósos en posición secundaria, entre eles destacar un conxunto de ósos longos e dous cranios (restos 02) situados a escasa profundidade, 15 cm, sen conexión, os cales se encontran desprazados para o uso deste espazo, e así se confirmou ao afondar no terreo e localizar un enterramento en posición primaria (individuo 1)

Estes dous cranios foron observados en campo polo antropólogo forense, o cal viu posibles indicios de violencia, sendo posible a pertenza aos represaliados Rafael Fernández e Juan Torreiro. Polo tanto, foron exhumados e trasladados ao laboratorio forense para o seu estudo.

Ademais destes restos 02, foron recuperados outros 3 grupos de ósos, que pola súa proximidade e abundancia foron recollidos en conxuntos e trasladados igualmente ao laboratorio para a súa análise.

Sumado a isto, tamén foron localizados numerosísimos restos óseos illados, sen conexión dende o inicio da escavación no sector 200, constatando o alto nivel de revolto do espazo tratado. Estes tamén foron recollidos e trasladados ao laboratorio.

Unha vez retirada a UE 202, foi retirada así mesmo a UE que se encontraba baixo esta, UE 203. Seguindo coa mesma dinámica ca na UE anterior, con frecuencia de achados de ósos sen conexión moi alta. Unha vez retira esta UE 203 puidéronse localizar os enterramentos de 4 individuos.

O individuo 1 (UE 210), situábase a 80 cm do perfil W próximo ao perfil S. Tratábase dun individuo en posición primaria con orientación W-E que conservaba as botas de coiro e uns calcetíns, elementos da vestimenta que nos remitían aos anos 50 e 60 e polo tanto foi descartado como posible vítima.

O individuo 2 (UE 207), sitúase no extremo E da sondaxe, sendo visible a parte superior do seu enterramento. Contaba cun ataúde con elementos plásticos e cristal que pertencen a momentos moi posteriores aos anos 30, non sendo posible que se trate dun represaliado da violencia franquista.

O individuo 4 (UE 204), encontrábase no perfil W da sondaxe, sendo só visible a parte correspondente aos pés. As características do ataúde remiten a materiais modernos, plástico e espuma, non compatibles cos anos da Guerra Civil e descartando novamente este individuo 4 como posible vítima.

Finalmente o individuo 3 (UE 213), o cal foi localizado tras levantar a parte superior do o individuo 1, estaba nun nivel inferior e polo tanto correspondía a unha etapa máis antiga sendo susceptible de pertencer a unha das vítimas. Pola contra, tras as observacións do antropólogo forense foi rexeitada esta posibilidade.

A pesar do gran nivel de alteración das dúas zonas estudadas, si foi posible localizar elementos óseos que presentan signos compatibles

con accións violentas no sector 200 e polo tanto existe a posibilidade de que poidan ser os restos das vítimas que buscamos, Rafael e Juan.

Estes restos non se encontran nunha posición orixinal, senón que foron desprazados para albergar un ou varios enterramentos posteriores, costume moi arraigada nos cemiterios galegos.

Soamente os estudos forenses e xenéticos poderán determinar se os restos óseos pertencen a Rafael Fernández Casas e a Juan Torreiro Seoane, polo que os restos exhumados durante a intervención, foron trasladados a Unidade de Antropoloxía Forense do Instituto Legal de Galicia coa finalidade de sometelos ás analíticas pertinentes, e de ser o caso, poñer os seus restos a disposición dos seus familiares.

12. Relación nominal do equipo que participa na intervención

Ademais do xa mencionado Fernando Serrulla Rech, do Instituto de Medicina Legal de Galicia, participan neste proxecto as seguintes persoas vinculadas á Universidade de Santiago de Compostela:

- Lourenzo Fernández Prieto, I.P. Dep. de Historia. Grupo HISTAGRA.
- Antonio Mígez Macho, Dep. de Historia. Grupo HISTAGRA.
- Concepción López Sánchez, investigadora predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- Rafael García Ferreira, investigador predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- Xavier Buxeiro Alonso, investigador predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- Aldara Cidrás Fuentes, investigador predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- Jessica Nogueira Castro, investigadora predoutoral do Grupo HISTAGRA.
- José Carlos Sánchez Pardo, investigador postdoutoral do Grupo Síncrisis.
- Ángel Carracedo Álvarez, Instituto de Ciencias Forenses Luís Concheiro (USC)
- María Victoria Lareu Huidobro, Directora do Instituto de Ciencias Forenses (USC).
- Ana Mosquera Miguel, investigadora postdoutoral do Instituto de Ciencias Forenses (USC).
- Amelia Rodríguez López, persoal técnico do Instituto de Ciencias Forenses (USC).
- Adrián Ambroa Conde, investigador predoutoral do Instituto de Ciencias Forenses (USC).

- Ana Freire Aradas, investigadora postdoutoral do Instituto de Ciencias Forenses (USC).

- María de la Puente Vila, investigador postdoutoral do Instituto de Ciencias Forenses (USC).

Participan tamén neste proxecto, como redactores do mesmo e executores da sondaxe arqueolóxica:

- Francisco Alonso Toucido, Técnico Arqueólogo de Tempos Arqueólogos S.L, Director da intervención arqueolóxica para a que se solicita autorización.

Graduado en Historia pola USC, con mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade e realizando actualmente o seu doutorado en Cerámica medieval galega. Encargarase do traballo de campo así como da xestión e estudo de materiais e redacción de informe e memoria. Telf: 677164635. Ten participado en numerosas intervencións arqueolóxicas de índole urbana, en cidades como Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra ou Vigo. Así como en proxectos de investigación en tarefas tanto de escavación arqueolóxica como de estudo de materiais.

- Mario César Vila, Técnico Arqueólogo de Tempos Arqueólogos S.L., adxunto á dirección da intervención arqueolóxica.

Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela, desenvolve a súa actividade coma coordinador e director de proxectos culturais, de xestión e de difusión do patrimonio cultural,

así coma arqueólogo profesional, con máis de 200 direccións no seu haber. Encargarase do traballo de apoio á dirección en campo, na xestión e estudo de materiais, na redacción do informe e memoria e nos traballos planimétricos. Telf: 650337454. Así mesmo é especialista en materiais cerámicos e investigador a cargo de numerosos estudos científicos.

- Tania Rial Figueiras. Técnico de Tempos Arqueólogos S.L., equipo técnico da intervención arqueolóxica.
- Manuel Piñeiro Soto. Técnico de Tempos Arqueólogos S.L., equipo técnico da intervención arqueolóxica.
- Iria López Viéitez Técnico de Tempos Arqueólogos S.L., equipo técnico da intervención arqueolóxica.

13. Instalacións, equipos e medios materiais

13.1. Local de traballo

A empresa dispón de local propio de traballo en réxime de propiedade.

Trátase dun local cunha superficie útil de 60 m², adaptado e preparado para as necesidades propias dos traballos de gabinete arqueolóxicos: oficinas, mesas de traballos, zona de lavado, tratamento inventario, clasificación, estudo e almacenamento provisional de materiais arqueolóxicos, laboratorio, almacén de ferramentas e equipos, etc.

13.2. Medios auxiliares para o traslado, maquinaria e vehículos

- Bomba de achique HYUNDAI HYH40
- Escaleiras
- Vehículo 4x4, Dacia Duster 1.5 dCi Laureate 4x4 110 CV, con bola de enganche de remolque
- Vehículo 4x4 Nissan Xtrail con bola de enganche de remolque
- Remolque de 2 m de long. galvanizado de 1 eixe, con tapa metálica e montacargas

13.3. Equipos de medición e precisión

- Báscula dixital para pesado de mostras e materiais
- Calibres
- Cintas métricas
- Xalóns o balizas homologados
- Metros
- Niveis
- Peites de púas para debuxo de materiais arqueolóxicos
- Chumbadas
- Nivel láser autonivelante

13.4. Equipos e materiais de escavación, restauración e conservación

- Prolongadores
- Algodón
- Brochas
- Capazos
- Carretillas manuais
- Cepillos de sedas sintéticas de dureza variada
- Cubos
- Desbrozadora STIHL FS 490 C-EM AutoCut 46-2
- Disolventes: Acetona, tolueno
- Eslingas
- Espátulas de madeira

- Esponxas
- Material para siglado
- Maza
- Resina acrílica (Paraloid B-72)
- Paletas
- Pinceis
- Pintura reversible
- Polvos de amarre
- Radial BOSCH GWS Professional 20-230 JH
- Trades

13.5. Equipos de protección individual e colectiva

- Arneses
- Balizas
- Calzado de seguridade
- Cascos de seguridade
- Chalecos reflectantes
- Cordas
- Equipos de protección respiratoria
- 2 Extintores de 6 Kg
- Gafas de protección

- Guantes de protección
- Máscaras
- Protecciones auditivas
- Ropa de sinalización de alta visibilidade
- Traxes de augas

13.6. Equipos informáticos

- Portátil MSI Intel® Core(TM) i5-8265U CPU @ 1.60ghZ 1.80, Memoria instalada (RAM) 16,0 GB, Sistema operative de 64 bits, procesador x64.

- Antivirus Kaspersky Total Security

- Intel® Core™ i5-7500 CPU @ 3.40 Hz 3.41 GHz, 8,00 GB, DESKTOP-OSF45QK

- PC MICRO CORE I5-4460 3,20GHZ. BOX Socket1150, MEM. KINGSTON 4GB, HDD. 1Tb Western Dixital Blue 3.5

- PC Pentium 4 CPU 3.00GHz, 2.99 Ghz, 1,96 GB RAM, OKI TERRA STO/BTO System, Model W100.124.

- PC Acer Aspire M3640 Intel Core 2

- PC Quad Q9300, 500 GB RAM, 4 GB DDR memory.

- Portátil Pentium Dual-Core CPU, T4300, 2.10 GHz, 2,10 GHz, 4,00 GB RAM, HP G61-425ES.

- Memoria externa de copia de seguridad NAS: My Cloud Ex2 Ultra

- Memoria externa de copia de seguridad NAS: Synology DS216se 2-BAY

- Wireless Router Tenda

- Disco externo Seagate GoFlex USB Device 2,72 TB

- Disco externo HP External HDD USB Device 930 GB

- Disco externo Toshiba External USB 3.0, 931 GB

- Impresora OKI C3.200

- Impresora-copiadora Brother MFC-J5910DW Multifunción Tinta A3 USB LAN Wi-fi, Art. nº.: B342290

- Impresora láser OKI C5650

- Fotocopiadora Konika Minolta BHC554.

13.7. Equipos fotográficos

- Cámara NIKON D3400, con flash externo

- Cámara NIKON D3200, con flash externo

- Cámaras dixitais

- Foco YONGNUO YN600 L

14. Bibliografía

Cobas Fernández, M. I., & Prieto Martínez, M. P. (1998). Criterios y Convenciones para la Gestión y el Tratamiento de la Cultura Material Mueble. In CAPA 7. Universidade de Santiago de Compostela.
<https://doi.org/10.1007/s13398-014-0173-7.2>

Etxeberria, F. (2020). Las exhumaciones de la Guerra Civil y la dictadura franquista 2000-2019. Estado actual y recomendaciones de futuro. Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática.

Harris, E. C. (1991). Principios de Estratigrafía Arqueológica. Editorial Crítica.

Parcero Oubiña, C., Blanco Rotea, R., & Méndez Fernández, F. (1999). El registro de la información en intervenciones arqueológicas. CAPA: Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio, 9, 1–75.
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2189791&orden=96554&info=link>

Renfrew, C., & Bahn, P. (2007). Arqueología. Teorías, métodos y práctica. Akal.

15. Planimetría.

Plano 01. Situación de San Salvador de Trasanqueros (ortofoto PNOA escala 1: ,324.715)

Plano 02. Situación da Igrexa e cemiterio de San Salvador de Trasanqueros (ortofoto PNOA escala 1:621)

Plano 03. Situación das sondaxes 100 e 200 (ortofoto PNOA escala 1: 149)

Plano 04. Sal Salvador de Trasanqueros (MTN escala:1:2.500)

Plano 05. Planta sector 100. Escala 1:25

Plano 06. Perfiles sector 100. Escala 1:31,4

Plano 07. Planta sector 200. Escala 1:16

Plano 08. Perfiles sector 200. Escala 1:25

Plano 09. Situación restos óseos sectores 100 e 200 (ortofoto PNOA escala 1:48)

16. Seguro de responsabilidad civil



IBERIAN INSURANCE GROUP

D. DARÍO SPATA PELIZZA, con número de **NIF 30281262Z**, actuando como Apoderado de la entidad **IBERIAN INSURANCE GROUP, S.L.** con domicilio a efectos de notificación en la localidad de Sevilla en Calle Virgen de la Victoria nº 3 Local, 41011, y **C.I.F. B-86949450**

CERTIFICA

Que **TEMPOS ARQUEOLOGOS S.L.** con N.I.F. / C.I.F.: **B70608948** tiene contratada con esta entidad una póliza con Nº **IIG2020000090** que cubre **Responsabilidad Civil** que directa y subsidiariamente pueda derivarse para el Asegurado como consecuencia de los daños y perjuicios causados involuntariamente a terceros por hechos que deriven de su actividad como **Array**, con una cobertura hasta 300.000,00 €, correspondiente al periodo del 25/01/2023 a 24/01/2024.

En Sevilla, a 26/01/2023



IBERIAN INSURANCE GROUP S.L.
CIF: B-86.949.450

Se entiende y acuerda que el presente Certificado de Seguro es meramente informativo, y en ningún caso modifica, amplía o altera las condiciones y cláusulas de cobertura de la Póliza de referencia.





IBERIAN INSURANCE GROUP

Por cuenta de

XL Insurance Company SE, Sucursal en España

Clave Entidad: E-0134

17. Seguridade e saúde

Na execución das obras comprendidas neste proxecto, serán de aplicación as seguintes normas en materia de Seguridade e Saúde:

R.D. 1627/1997 de 24 de outubro que establece Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nas Obras de Construción.

Lei 31/1995 de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais

R.D. 39/1997 de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención

R.D. 780/1998 de 30 de abril polo que se modifica o R.D. 39/1997 de 17 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.



CERTIFICADOS

En A Coruña, a 09 de enero de 2024

TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS SL con CIF: B36926640 con acreditación definitiva según resolución de 25 de abril de 2003 y nº de expediente AS840A2003/21-O de la Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, con domicilio social en Calle Pasteur 30 - 1ª 15008 - A Coruña.

CERTIFICA:

Que la empresa **TEMPOS ARQUEÓLOGOS SL** CIF nº: **B70608948** con domicilio fiscal ARQUITECTO DOMINGO A. DE ANDRADE 12, BAJO 15704 Santiago De Compostela Santiago de Compostela (Coruña, A), tiene concertado el servicio de prevención de riesgos laborales con **TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS SL** entidad especializada ajena a la empresa según se articula en el artículo 30.1 de la Ley 31/1995 de Prevención de Riesgos Laborales y en el artículo 10 del Real Decreto 39/1997 Reglamento de los Servicios de Prevención

Dicho concierto está en vigor para las siguientes especialidades:

- SEGURIDAD EN EL TRABAJO.
- HIGIENE INDUSTRIAL.
- ERGONOMÍA / PSICOSOCIOLOGÍA APLICADA.

Con fecha **23-01-2024** y con duración hasta el **22-01-2025**

- MEDICINA DEL TRABAJO.

Con fecha **23-01-2024** y con duración hasta el **22-01-2025**

Encontrándose al corriente de todos los pagos derivados de estos contratos hasta 22-01-2025



Juan González- Moro Méndez
Administrador

TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS SL
DNI: 43779999M a fecha 09 de enero de 2024



Mutua Colaboradora con la Seguridad Social nº 274

D. CARLOS JAVIER SANTOS GARCÍA, DIRECTOR GENERAL DE **IBERMUTUA**,
MUTUA COLABORADORA CON LA SEGURIDAD SOCIAL Nº 274

CERTIFICA:

Que la empresa abajo indicada, tiene concertado el riesgo de accidentes de trabajo y enfermedades profesionales y la prestación de Incapacidad Temporal derivada de Contingencias Comunes con esta mutua, en base a los datos que se indican a continuación.

Razón social	TEMPOS ARQUEOLOGOS SL
N.I.F.	B70608948

La vigencia del Documento de Asociación es de un año, prorrogable tácitamente por anualidades sucesivas, en tanto la empresa no manifieste su voluntad en contrario, de acuerdo con lo previsto por el artículo 83.1.a del Texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social, aprobado por el Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de octubre.

A petición de la empresa, para que surta los efectos oportunos donde corresponda, se expide el presente certificado en Madrid, a 10 de septiembre de 2021.



Carlos Javier Santos García
DIRECTOR GENERAL



SEGUROS



Documento firmado digitalmente con sello de órgano por Ibermutua, Mutua Colaboradora con la Seguridad Social nº 274, a 10 de septiembre de 2021 a las 09:52:46.
Código seguro de verificación: AF2641245D2F24FC38FDBE6525D27AED3.

HOJA Nº 2

RELACIÓN DE CÓDIGOS DE CUENTA DE COTIZACIÓN
DE LA EMPRESA **TEMPOS ARQUEOLOGOS SL.**
(N.I.F.: **B70608948**)

CÓDIGO DE CUENTA DE COTIZACIÓN	FECHA DE EFECTO CP	FECHA DE EFECTO CC
15/1238030/92-0111	31/01/2020	
27/1082336/25-0111	02/07/2021	

Madrid, a 10 de septiembre de 2021



REGISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS SECTOR DE LA CONSTRUCCIÓN (Ley 32/2006, de 18 de octubre)		
CERTIFICADO DE INSCRIPCIÓN		
DATOS DE LA SOLICITUD		
Nombre y apellidos MARIO CESAR VILA	Nº Identificador NIF 33300568H	Fecha de la solicitud 13/02/2020
En representación de (si procede):		
Nombre o razón social	Nº Identificador	
LA AUTORIDAD LABORAL DE GALICIA		
CERTIFICA:		
Que, según los datos obrantes en el Registro de Empresas Acreditadas, la empresa cuyos datos se indican a continuación figura inscrita en el Registro de GALICIA desde el 13/02/2020		
Nombre o razón social TEMPOS ARQUEOLOGOS SL	Nº Inscripción REA 11/15/0026323	
Domicilio ARQUITECTO DOMINGO A DE ANDRADE 12 bajo		
Localidad SANTIAGO DE COMPOSTELA	Provincia A CORUÑA	País ESPAÑA
Nº Identificador CIF B70608948	Código de Cotización Principal 15123803092	CNAE 74 - Otras actividades profesionales, científicas y técnicas
De acuerdo con el artículo 6 del Real Decreto 1108/2007, de 24 de agosto, por el que se desarrolla la Ley 32/2006, de 18 de octubre, reguladora de la subcontratación en el Sector de la Construcción:		
- La inscripción en el Registro es única, tiene validez en todo el territorio nacional y permite a las empresas incluidas en el mismo intervenir en la subcontratación en el sector de la construcción como contratistas o subcontratistas. - Cuando la empresa comitente obtenga certificación relativa a la inscripción en el Registro de una empresa subcontratista, se entenderá que ha cumplido con su deber de vigilar el cumplimiento por dicha empresa subcontratista de las obligaciones establecidas en el artículo 4, apartados 1 y 2, de la Ley 32/2006, de 18 de octubre. En tal caso, la empresa comitente quedará exonerada durante la vigencia del contrato y para una sola obra de construcción de la responsabilidad prevista en el artículo 7.2 de la citada Ley para el supuesto de incumplimiento por dicho subcontratista de las obligaciones de acreditación y registro. - Lo indicado en el párrafo anterior se entiende sin perjuicio de las obligaciones y responsabilidades establecidas en otras disposiciones sociales. En todo caso será exigible la responsabilidad establecida en los artículos 42 y 43 del Estatuto de los Trabajadores cuando se den los supuestos previstos en el mismo. - La certificación prevista en este artículo deberá haber sido solicitada dentro del mes anterior al inicio de la ejecución del contrato, será emitida por el órgano competente en el plazo máximo de diez días naturales desde la recepción de la solicitud y tendrá efectos con independencia de la situación registral posterior de la empresa afectada.		
Y para que conste a los expresados efectos, se expide la presente el 13 de febrero de 2020		

Nota: La autenticidad y validez de este certificado deberá ser comprobada por el destinatario accediendo a la página web del sistema REA (<https://expinterweb.mitramiss.gob.es/rea>) por la opción "Consulta de certificados emitidos" para que surta en cada caso los efectos previstos por el ordenamiento jurídico. Para ello deberá utilizarse el siguiente Nº de Localizador 139464103318506363.

CSV : REA-f7ad-ad44-decc-ca9f-9ddb-4f77-d9e2-6c55

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

FIRMANTE(1) : SELLO ELECTRONICO PARA LA ACTUACION AUTOMATIZADA DEL MINISTERIO DE TRABAJO MIGRACIONES Y SEGURIDAD SOCIAL | FECHA : 13/02/2020 15:13 | NOTAS : F

CERTIFICADO DE FORMACIÓN

(Ley 32/2006, de 18 de octubre, reguladora de la subcontratación en el sector de la construcción y Real Decreto 1109/2007, de 24 de octubre, por el que se desarrolla la Ley 32/2006, de 18 de octubre, reguladora de la subcontratación en el sector de la construcción)

Nombre o razón social TEMPOS ARQUEÓLOGOS SL		Fecha del certificado 06/02/2020
NIF B70608948	C.C.C. 0111 15 123803092	

La empresa arriba indicada declara que cuenta con personas que, conforme a su plan de prevención, ejercen funciones de dirección y han recibido la formación necesaria, de conformidad con lo previsto en el artículo 12.4 del Real Decreto 1109/2007, de 24 de agosto.

Asimismo, TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. certifica que los trabajadores que prestan servicios para la empresa en obras de construcción han recibido formación específica en materia de prevención de riesgos laborales.

Firma y sello de la empresa o de su representante

Firmado por 33300568H
MARIO CESAR (R:
B70608948) el día
07/02/2020 con un
certificado emitido
por AC Representación

Firma y sello de la organización preventiva o de su representante



TAPREGA PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.
CIF: B26024095 - I.N. 15000 A COEJINA
Tfn: 903 21 02 91 fax: 981 13 85 42

18. Qualidade





Building
trust
together.

Certificate

AENOR has issued an IQNET recognized certificate that the organization:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.

OFICINAS:

**RÚA ARQUITECTO DOMINGO A. DE ANDRADE, 12 BAJO IZQUIERDA
15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
(A CORUÑA)**

has implemented and maintains a/an
Quality Management System

for the following scope:

Elaboration and execution of projects on cultural heritage.

which fulfils the requirements of the following standard

ISO 9001:2015

First issued on: 2017-12-22 Last issued: 2023-12-22 Validity date: 2026-12-22

Registration Number: ES-0670/2017



Alex Stoichitoiu
President of IQNET



Rafael GARCÍA MEIRO
CEO

AENOR
Confía

This attestation is directly linked to the IQNET Member's original certificate and shall not be used as a stand-alone document.

IQNET Members*:

AENOR Spain **AFNOR Certification** France **APCER** Portugal **CCC** Cyprus **CISQ** Italy **CQC** China **CQM** China **CQS** Czech Republic
Cro Cert Croatia **DQS Holding GmbH** Germany **EAGLE Certification Group** USA **FCAV** Brazil **FONDONORMA** Venezuela **ICONTEC**
Colombia **ICS** Bosnia and Herzegovina **Inspecta Sertifointi Oy** Finland **INTECO** Costa Rica **IRAM** Argentina **JQA** Japan **KFQ** Korea
LSQA Uruguay **MIRTEC** Greece **MSZT** Hungary **Nemko AS** Norway **NSAI** Ireland **NYCE-SIGE** Mexico **PCBC** Poland **Quality Austria**
Austria **SII** Israel **SIQ** Slovenia **SIRIM QAS International** Malaysia **SQS** Switzerland **SRAC** Romania **TSE** Türkiye **YUQS** Serbia

* The list of IQNET Members is valid at the time of issue of this certificate. Updated information is available under www.iqnet-certification.com